

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 31 DE OUTUBRO

DE 2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta e un de outubro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, don Felipe Andreu Barallobre, do PP, dona Margarita Iglesias Pais, do PSdeG-PSOE e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UxC.

Asisten dona Eva María Casal Sanjurjo, interventora accidental, e dona Verónica M^a Otero López, técnica de xestión de administración xeral, por delegación da secretaria da Corporación.

Antes de tratar os asuntos incluídos na orde do día, e a proposta de don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, os membros da Corporación e o público asistente á sesión gardan un minuto de silencio en memoria dos seis mineiros falecidos o pasado luns en Pola de Gordón.

A continuación, aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 18 de xullo de 2013, sesión extraordinaria do día 31 de xullo de 2013 e sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2013

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 18 de xullo de 2013 e sesión extraordinaria do día 31 de xullo de 2013.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos dezasete concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións (cinco concelleiros do PP, catro do PSdeG-PSOE, dous de UxC, dous de EU, dous do BNG e dous do GM) aprobou os citados borradores.

Faise constar que non puido entregarse en tempo e forma o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2013, polo que queda pendente para a súa aprobación na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Proposta de creación da sede electrónica do concello, delegación da súa xestión e administración na deputación, e encomenda de xestión á deputación provincial para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de emprego público, selo e sede electrónica

Vista a proposta da Alcaldía do día 22 de outubro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 29 de outubro de 2013.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto emitido nas comisións e van votar a prol da proposta. Entenden que a cooperación e a asistencia que neste punto lles ofrece a Deputación provincial é moi interesante para o Concello de Cambre e, unha vez analizada a documentación que se lles ten presentado, entenden que os servizos que lles pode prestar van ser de grande utilidade. Por todo isto, o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que o seu grupo tamén vai votar favorablemente, tendo en conta que a asunción por parte da Deputación deste servizo implica que non ten custo para o concello. Iso si, simplemente como comentario, indica que tamén é certo que están presenciando que cada vez máis estase reforzando o papel que xogan as deputacións, cando quizais sería interesante eliminalas para poder incrementar o aforro e non ter que depender de órganos absolutamente antidemocráticos e innecesarios. En todo caso, van votar a prol da proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezoito concelleiros asistentes á sesión, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros esixida no art. 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 215.3.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, acordou:

Primeiro: Crear a sede electrónica do Concello de Cambre, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia será: sede.cambre.es, configurándose como unha subsede da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (sede.dicoruna.es) e que estará accesible para a cidadanía directamente a través do seu enderezo ou a través do enderezo desta última.

Segundo: Delegar a xestión e administración da sede electrónica municipal e, para tal fin, a adhesión ao convenio marco de colaboración aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria ordinaria celebrada o 28/10/2011, para a utilización compartida da súa sede electrónica, e cuxo texto foi publicado no BOP núm. 235, o día 13/12/2011, tal e como se transcribe a continuación:

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN PARA O USO COMPARTIDO DA SEDE ELECTRÓNICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA POLOS CONCELLOS DA PROVINCIA E PARA A XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS SEDES ELECTRÓNICAS MUNICIPAIS

<<Localidade>>, <<día>> de <<mes >> de dous mil <<ano>>

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, que actúa en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña en virtude das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra, D/D.^a <<nome e apelidos do alcalde/alcaldesa>>, alcalde/alcaldesa do Concello de <<municipio>>, que actúa en nome e representación do concello, en virtude das competencias atribuídas igualmente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes, recoñécense a capacidade legal e competencia necesarias para formalizar o presente convenio,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, creou o concepto de «sede electrónica», xustificando pola «necesidade de definir claramente a «sede» administrativa electrónica coa que se establecen as relacións, promovendo un réxime de identificación, autenticación, contido mínimo, protección xurídica, accesibilidade, dispoñibilidade e responsabilidade». O artigo 10.1 da mesma lei define a sede electrónica como «aquela dirección electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a unha administración pública, órgano ou entidade administrativa no exercicio das súas competencias». O apartado 3 do mesmo artigo establece que «cada administración pública determinará as condicións e instrumentos de creación das sedes electrónicas».

Segundo.- Que por acordo plenario, do 29 de abril de 2011, publicado definitivamente no Boletín Oficial da Provincia nº 162 - xoves, 25 de agosto de 2011, creou a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, cuxo ámbito de aplicación é a totalidade da administración da Deputación provincial, no artigo 14 apartado 4. desta sinalase que estenderá o seu ámbito aos organismos públicos e outras entidades locais que se determinen nos convenios de colaboración que, no seu caso, subscriba a Deputación Provincial da Coruña cos titulares dos organismos públicos e entidades locais.

Terceiro.- Que ambas as dúas partes consideran que interesa no presente caso relacionarse coa cidadanía a través dunha sede electrónica compartida, tanto por razóns de economía como de eficacia, por canto a entidade local ou o organismo público beneficiaríanse da experiencia e infraestrutura da Deputación Provincial da Coruña para este tipo de instrumentos.

Ambas as dúas partes están interesadas en procurar a mellor e máis económica prestación de servizos electrónicos aos cidadáns, dando con iso plena satisfacción aos principios e dereitos

contidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, formalízase o presente convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto.- Constitúe o obxecto do presente convenio formalizar a utilización compartida por ambas as dúas partes da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co obxectivo de dar vía a través dela á xestión e servizos que competen ao concello de <<municipio>>, no ámbito da administración electrónica.

SEGUNDA. Ámbito de aplicación.- O alcance da xestión e servizos da competencia do concello de <<municipio>>, a prestar a través da sede electrónica compartida pola Deputación Provincial da Coruña, referirase en exclusiva aos de relación coa cidadanía, conforme a definición dada no anexo da Lei 11/2007, do 22 de xuño, apartado h), sempre que se trate de xestión ou servizos de obrigatoria prestación a través dunha sede electrónica. A inclusión de calquera tipo de xestión ou servizo distinto dos anteriores deberá suxeitarse á regra sobre inclusión de contidos adicionais establecida no presente convenio.

TERCEIRA. Características da integración.- A xestión e servizos do concello prestaranse na sede electrónica do concello <<sede.municipio.es>> que se integrará na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña (sede.dicoruna.es) constituíndo a sede electrónica municipal unha subsede desta.

CUARTA. Obrigas das partes para aplicar o convenio.

1. Para aplicar o presente convenio, o concello de <<municipio>>, comprométese a:
Manter permanentemente actualizados os contidos municipais específicos da sede electrónica do concello con plena aplicación das normas que rexen para ela e, moi especialmente, as que se refiren aos dereitos dos cidadáns contidos no artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Respectar na súa integridade os criterios e políticas aprobados para a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña na súa norma de creación (Ordenanza de administración electrónica da Deputación Provincial da Coruña) que constituirá a normativa de referencia.

Asumir a responsabilidade como titular da xestión e dos servizos da súa competencia postos ao dispor da cidadanía.

Designar un representante permanente único, e un substituto deste, para a relación permanente cos responsables da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña, para os efectos do seu mantemento e resolución de problemas, con facultades suficientes para a toma de decisións nesta materia.

2. Pola súa banda, a Deputación Provincial da Coruña comprométese a:

Manter permanentemente actualizados os contidos comúns das sedes municipais na da sede electrónica provincial con plena aplicación das normas que rexen para ela e, moi especialmente, as que se refiren aos dereitos da cidadanía contida no artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño

Manter de forma permanentemente dispoñible para os cidadáns o acceso á xestión e servizos correspondentes ao concello de <<municipio>>, incluídos na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña

Asumir a responsabilidade que lle compete por razón da titularidade e a xestión tecnolóxica da sede provincial.

Achegar a infraestrutura técnica e organizativa necesaria para a execución do convenio.

Comunicar urxentemente ao concello, a través do seu representante, cantas incidencias puidesen xurdir e, de forma moi especial, as que puidesen comportar a interrupción dos servizos.

Proporcionar aos responsables designados polo concello a formación e o asesoramento precisos para o mantemento permanente dos seus contidos específicos.

Actualizar tecnoloxicamente os sistemas, de acordo co estado da técnica.

Aplicar criterios estritos de seguridade, conformes ao que establece o Esquema Nacional de Seguridade, con aplicación da normativa sobre protección de datos de carácter persoal contida en Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD) e na súa normativa de desenvolvemento.

Designar un interlocutor único para os efectos da relación operativa co concello asinante.

QUINTA. Inclusión de contidos fóra do ámbito do convenio.- A utilización da sede electrónica compartida para incluír contidos, xestións ou servizos, que non sexan os estritamente pertencentes ao ámbito deste convenio conforme ao acordado na cláusula segunda, requirirá o previo informe favorable da Deputación Provincial da Coruña, que terá en conta a adecuación dos contidos adicionais, os medios dispoñibles e os criterios adoptados en supostos similares en relación coa mesma sede.

SEXTA. Custo.- O uso das infraestruturas que a Deputación provincial pon ao dispor do concello para a prestación dos servizos recollidos no presente convenio non suporá custo ningún para o concello e, en particular, o uso dos certificados e sinaturas electrónicas que sexan precisos sempre que a súa obtención se realice en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

SÉTIMA. Prazo de duración.- O presente convenio terá unha duración de 4 anos, renovándose automaticamente por igual período se non se produce denuncia deste por calquera das partes.

OITAVA. Revisión e comisión de seguimento.- Por pedimento de calquera das partes, poderá crearse unha comisión paritaria para o exame, seguimento, coordinación e, no seu caso, proposta de modificación do convenio.

NOVENA. Resolución de incidencias.- As partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que puidesen xurdir na súa interpretación e cumprimento.

DÉCIMA. Publicación.- O presente convenio, en aplicación do principio de publicidade oficial establecido no artigo 10.3 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, será obxecto de publicación no «Boletín Oficial da Provincia» mediante resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, sen prexuízo da súa divulgación a través da propia sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

E en proba de conformidade, ambas as partes subscriben o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O/A Alcalde/Alcaldesa-Presidente/a do <<CONCELLO>>

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Asdo.<<NOME E APELIDOS ALCALDE>>

Asdo. D. Diego Calvo Pouso

Terceiro: Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio e, en particular, adoptar o acordo de encomenda de xestión entre o Concello de Cambre e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de emprego público, selo e sede electrónica, que resulta necesario para a aplicación do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e cuxo texto foi publicado no BOP núm. 235, o día 13/12/2011, tal e como se transcribe a continuación:

ACORDO DE ENCOMENDA DE XESTIÓN ENTRE O <<CONCELLO>> E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA TRAMITAR AS SOLICITUDES DE CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS DE EMPREGADO PÚBLICO, SELO E SEDE ELECTRÓNICA

<<Localidade>>, <<día>> de <<mes >> de dous mil <<ano>>

REUNIDOS

Dunha parte, o lltmo. Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, que actúa na súa representación

E doutra parte, o/a Sr./ Sra. D./Dª <<NOME E APELIDOS ALCALDE/ALCALDESA>>, alcalde/alcaldesa do <<CONCELLO>>, que actúa en nome e representación deste.

As partes recoñécense mutuamente plena competencia e capacidade para subscribir a presente encomenda de xestión e

MANIFESTAN

1.- O 13 de xullo de 2010 a Xunta de Galicia asinou coa Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante a FEGAMP) un convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais (en diante EE.LL.) da Comunidade Autónoma de Galicia. Este convenio favorece un novo modelo de relación entre as administracións públicas galegas e define un catálogo de servizos que permitirán impulsar a administración electrónica na EE.LL. de Galicia que se adhiran ao convenio.

2.- O 29 de setembro de 2010, a Xunta de Galicia asinou un contrato coa Fábrica Nacional de Moeda e Timbre - Real Casa da Moeda (en diante FNMT-RCM) cuxo obxecto é a prestación dos servizos técnicos, administrativos e de seguridade necesarios para garantir a validez e eficacia da emisión e recepción de comunicacións e documentos electrónicos no ámbito da Xunta de Galicia e de, entre outros organismos, os concellos e as Deputacións provinciais.

3.- O 14 de decembro de 2010 tras a reunión da Comisión de Seguimento do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da administración electrónica (en diante o convenio) acórdase incluír no seu catálogo de servizos, aqueles que abarca o contrato coa FNMT-RCM. Os concellos e Deputacións provinciais adheridas ao convenio poderán consumir os servizos incluídos no contrato coa FNMT-RCM.

4.- O 26 de abril de 2011 o presidente da Deputación Provincial da Coruña aprobou a súa adhesión ao convenio, que foi asinada posteriormente con data do de 2 de maio de 2011.

5.- Do mesmo xeito, o <<CONCELLO>>, aprobou a través do/a <<órgano competente concello>> a súa adhesión ao convenio, asinada posteriormente con data <<Data sinatura adhesión concello>>. Ambas as institucións están no ámbito de aplicación do convenio e poderán acceder aos servizos do contrato coa FNMT-RCM.

6.- Na Declaración de Prácticas de Certificación da FNMT-RCM cítase expresamente que os certificados do ámbito da Lei 11/2007 os emiten a FNMT-RCM por conta da Administración pública correspondente á que a FNMT-RCM presta os servizos técnicos, administrativos e de seguridade necesarios como prestador de servizos de certificación, polo que os usuarios destinatarios son o persoal da Administración Pública do Reino de España, ben sexa dun órgano, organismo, entidade da administración xeral, autonómica ou local do Estado.

Aínda que a administración titular do certificado e/ou o responsable da Oficina de Rexistro teñen a obriga de “non realizar rexistros ou tramitar solicitudes de persoal que preste os seus servizos nunha entidade diferente á que representa como Oficina de Rexistro”, a mesma Declaración recolle a posibilidade de crear “Oficinas de Rexistro centralizadas ou de convenios entre administracións para efectuar rexistros”.

7.- En ocasións existe unha limitación de determinados concellos e outras entidades locais para constituír e manter ao día a infraestrutura de rexistro e solicitude do certificados tipo AP para o persoal ao seu servizo, así como os de sede e selo electrónico, pero a normativa vixente en materia de réxime local atribúelles ás Deputacións provinciais un labor de coordinación moi favorable para a extensión do uso dos certificados deste tipo, polo que é factible que as Deputacións provinciais poidan constituírse como un Rexistro delegado de certificados AP: persoal, selo e sede electrónica para as administracións locais do seu territorio, o que se instrumentaría mediante unha encomenda.

8.- A devandita Lei 11/2007 non impide, nin limita, a actividade de rexistro por parte dos prestadores de servizos de certificación (sobre todo no caso da FNMT-RCM, na súa condición de organismo público), senón que fomenta a interoperabilidade entre as diferentes AA.PP. Así, o artigo 13.3, cita que as AA.PP poderán utilizar os seguintes sistemas para a súa identificación electrónica e para a autenticación dos documentos electrónicos que produzan: ... “d) Intercambio electrónico de datos en contornas cerradas de comunicación, conforme ao especificamente acordado entre as partes.” A regulación deste sistema detállase no artigo 20:

“Artigo 20. Intercambio electrónico de datos en contornas cerradas de comunicación.

1. Os documentos electrónicos transmitidos en contornas cerradas de comunicacións establecidos entre administracións públicas, órganos e entidades de dereito público, serán considerados válidos para os efectos de autenticación e identificación dos emisores e receptores nas condicións establecidas no presente artigo.

2. Cando os participantes nas comunicacións pertencen a unha mesma Administración pública, esta determinará as condicións e garantías polas que se rexerá que, polo menos, comprenderá a relación de emisores e receptores autorizados e a natureza dos datos que se han intercambiar.

3. Cando os participantes pertencen a distintas administracións, as condicións e garantías citadas no apartado anterior estableceranse mediante convenio.

4. En todo caso deberá garantirse a seguridade da contorna cerrada de comunicacións e a protección dos datos que se transmitan.”

Pola súa banda, no capítulo I, do título IV, desta norma determínase o marco institucional de cooperación en materia de administración electrónica, baseado no Comité Sectorial de Administración Electrónica, nos Esquemas Nacionais de Interoperabilidade e de Seguridade e nas redes de comunicacións das administracións públicas españolas.

Neste último caso, o artigo 43 desta mesma lei expresa:

“A Administración xeral do Estado, as Administracións autonómicas e as entidades que integran a Administración local, así como os consorcios ou outras entidades de cooperación constituídos para tales efectos por estas, adoptarán as medidas necesarias e incorporarán nos seus respectivos ámbitos as tecnoloxías precisas para posibilitar a interconexión das súas redes co fin de crear unha rede de comunicacións que interconecte os sistemas de información das Administracións públicas españolas e permita o intercambio de información e servizos entre elas, así como a interconexión coas redes das institucións da Unión Europea e doutros Estados membros.”

Esta regulación supón o recoñecemento legal da comunicación entre distintas administracións por medio de redes telemáticas, así como a súa validez para todos os efectos, sempre que se garanta a seguridade e integridade da contorna cerrada de comunicación e a protección dos datos remitidos.

9.- Considerando moi favorable, para a extensión do uso dos certificados deste tipo entre as administracións locais da provincia da Coruña, que a Deputación Provincial da Coruña exerza as súas competencias de asistente técnica a estas, permitindo, a xestión da tramitación por conta dos citados concellos de certificados electrónicos dos citados na Lei 11/2007 e recollidos no presente acordo.

As partes intervinientes, na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación para asinar o presente acordo, de conformidade co artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, LRPAC, formalizándoo sobre a base das seguintes

CONDICIÓNS

Primeira. O obxecto do presente acordo é que o <<CONCELLO>> lle atribúa á Deputación Provincial da Coruña, a encomenda da tramitación, por conta e en nome do <<CONCELLO>>, de solicitudes de emisión, suspensión e revogación de certificados electrónicos. As peticións serán dirixidas á FNMT-RCM na súa condición de prestador de servizos de certificación. Os certificados serán os da Lei 11/2007: de persoal ao servizo da administración, de sede electrónica e de actuación administrativa automatizada (selo electrónico), que se expidan a nome do <<CONCELLO>>.

Segunda.- En ningún caso, a Deputación da Coruña se considerará a administración titular do certificado, respectando a súa titularidade a nome do <<CONCELLO>>, e os datos consignados na petición.

Terceira: A petición de certificados, do ámbito da Lei 11/2007 antes citados, por parte do <<CONCELLO>> á Deputación da Coruña, realizarase a través da sede electrónica da Deputación (sede.dicoruna.es), sempre que cumpran os Esquemas Nacionais de Interoperabilidade e Seguridade, sen que sexa necesaria a comparecencia física do persoal do <<CONCELLO>> ante a oficina de rexistro da Deputación. A constatación da personalidade e

demais datos esixidos, presumirase polo feito da petición realizada polo persoal competente do <<CONCELLO>> a través das redes citadas, podendo realizar tamén as peticións en papel mediante o envío á Deputación dos documentos públicos administrativos correspondentes por parte do <<CONCELLO>>. Na petición do <<CONCELLO>> constatarase a vontade de que sexa emitido, suspendido ou revogado o certificado de que se trate e identificarase nominalmente de forma conxunta á persoa titular do posto de traballo ou cargo que exerce, ao <<CONCELLO>> e ao órgano ou unidade na que preste servizo, tal e como consten na petición que realice o propio <<CONCELLO>>, todo iso nos formatos establecidos pola FNMT-RCM.

Cuarta: A petición de expedición deste tipo de certificados dirixirase por parte do <<CONCELLO>> ao responsable das operacións de rexistro (ROR) da Deputación Provincial da Coruña a través do trámite electrónico disposto para o efecto na sede electrónica da Deputación ou mediante o envío da documentación en papel. Unha vez validada, por parte da Deputación Provincial da Coruña, a petición de certificados realizada polo <<CONCELLO>>, a Deputación, a través da súa 'ROR', solicitará á FNMT-RCM a emisión dos certificados correspondentes mediante a aplicación de rexistro proporcionada pola FNMT-RCM. Co mesmo procedemento poderá solicitar a suspensión ou revogación dos certificados. A Deputación só poderá solicitar a suspensión ou revogación deste tipo de certificados no caso de que o suposto estea recollido na Lei 59/2003, de sinatura electrónica, normas de desenvolvemento ou na DPC da FNMT-RCM.

Os sistemas, técnicas e aplicacións que se van utilizar no intercambio de información, especificaranse nos procedementos de rexistro proporcionados pola FNMT-RCM á Deputación, que trasladará aos empregados do <<CONCELLO>> para realizar as peticións de certificados.

Para iniciar o procedemento e tramitar de forma segura as peticións de certificados, unha copia auténtica desta encomenda será remitida, pola Deputación á Xunta de Galicia como asinante do contrato coa FNMT-RCM, xunto cos datos identificativos dos responsables de ambas as dúas administracións (os do <<CONCELLO>>, que realizarán as peticións de rexistro á Deputación, e os desta no caso de que aínda non conste á FNMT-RCM). A Xunta de Galicia remitirá a copia da encomenda xunto cos datos identificativos dos representantes á FNMT-RCM para que lle conste tal acordo e co fin de dar de alta no Sistema de Rexistro do Departamento CERES desta entidade e xestionar os permisos correspondentes. Non é posible iniciar a alta no sistema de rexistro se non se ten constancia da entrega da citada copia auténtica desta encomenda xunto cos datos antes referidos.

Quinta: A petición de emisión, suspensión ou revogación destes certificados á Deputación realizaraa o persoal delegado competente do <<CONCELLO>>, utilizando para iso o seu certificado persoal clase 2, o de empregado público ou o DNI-electrónico.

Sexta: A Deputación da Coruña asesorará en todo momento ao persoal do <<CONCELLO>> durante o proceso de petición e solicitude do certificado, así como no seu uso e custodias seguras, proporcionándolle a formación adecuada para iso. Pola súa vez, a FNMT-RCM resolverá as incidencias e consultas correspondentes á Xunta de Galicia e á Deputación polas canles existentes.

Sétima: O <<CONCELLO>> e a Deputación serán os únicos responsables das peticións e solicitudes de emisión, suspensión ou revogación dos certificados electrónicos ás deputacións, respondendo da veracidade dos datos consignados e da vontade do <<CONCELLO>> de que sexa emitido, suspendido ou revogado un certificado AP (Lei 11/2007).

Oitava: Financiamento. O presente acordo non comporta obrigacións económicas para as partes, por afectar a cuestións organizativas das administracións intervenientes.

Novena: O presente acordo terá unha duración de 4 anos renovándose automaticamente por igual período se non se produce a súa denuncia por calquera das partes, sen prexuízo da facultade das partes para subscribir un novo. No entanto, o presente acordo quedará extinguido cando se extinga a adhesión do <<CONCELLO>> ao convenio coa Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade con canto antecede, asínase o presente acordo en exemplar triplicado e para un só efecto, no lugar e data arriba indicados.

O/A Alcalde/Alcaldesa-Presidente/a do <<CONCELLO>>

O Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Asdo.<<NOME E APELIDOS ALCALDE>>

Asdo. D. Diego Calvo Pouso

Cuarto: Publicar o presente acordo no *Boletín Oficial da Provincia*.

2.2. Proposta de aprobación do expediente de transferencia de crédito número 13/2013

Vista a proposta da concelleira delegada de área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 25 de outubro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 29 de outubro de 2013.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que se reafirman no voto emitido na comisión informativa porque para eles está suficientemente xustificado, como explicaba o outro día a concelleira de Servizos Sociais, e porque os informes técnicos tamén son favorables. Por conseguinte, votan a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE.

A Corporación, por catorce votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito número 13/2013, por importe de 3.000,00 euros co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Transferencia positiva	Transferencia negativa	Crédito definitivo
231.22610	Programa educación familiar	8.000,00		1.300,00	6.700,00
233.480	Convenio con APEM	3.000,00	3.000,00	0,00	6.000,00
312.22608	Programas Concellería de Sanidade	4.000,00		1.700,00	2.300,00
	Totais	15.000,00	3.000,00	3.000,00	15.000,00

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrega en vigor.

2.3. Proposta de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal núm. 23, reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 24 de outubro de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 29 de outubro de 2013.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ao seu grupo isto o que lles causa é bastante pesar, e vai explicar o porqué, advertindo xa que o seu voto vai ser abstención, porque tamén se abstiveron na aprobación orixinal desta ordenanza fiscal en xullo do 2012.

Dálles pesar porque despois de todo o que levan sufrido os veciños de Cambre polo tema da feira, por parte do equipo de goberno, e ten que personalizalo na concelleira que leva ese departamento, eles entenden que houbo unha falta grande. Non vai xustificar que non haxa problemas na documentación que presentaron os feirantes e persoas que van participar na feira, nin moito menos, pero entende que por parte do concello, no cal eles mesmos se inclúen pero con outras responsabilidades, tiña que haber outro talante, outra capacidade de diálogo coa xente, tendo en conta o tempo que ten pasado para que a feira retorne ao seu lugar orixinal.

Dito iso, o que si tamén lle rogaría á Sra. concelleira é que, polo menos por parte do grupo socialista deixe de ver fantasmas, buscando motivacións políticas detrás de calquera outra historia que non sexa o que son simples reclamacións, máis ou menos xustas e legais, por parte da xente que vai traballar na feira.

Eles van manter o voto de abstención porque ese foi o seu voto orixinal no seu momento, pero parécelles que o diálogo ten que ser dende o minuto cero ata o último momento. A resposta ten que darse con moita máis prontitude e non se pode deixar esgotar ata o último momento e vivir situacións lamentables como as que viviron. El leva 30 anos vivindo en Cambre e nunca viu que non houbera feira, e viviu o outro día. Dende logo, iso a el non lle gusta, e ao seu grupo tampouco.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta a satisfacción do seu grupo porque despois de dez meses a feira volva para o seu lugar de orixe. Pensan que debe repercutir nos menos prexuízos posibles para as persoas que desenvolven as súas actividades, para a hostalería e para o conxunto de todos os veciños de Cambre.

Por outra banda tamén teñen que lamentar que o día 20 non se puidera celebrar a feira, el tamén cre, como se dixo aquí, que foi pola falta de capacidade de diálogo e de xestión por parte da concelleira responsable, isto segundo as propias manifestacións dos feirantes. Non vai ser o seu grupo o que diga que é fácil chegar a este tipo de acordos, pero consideran que houbo carencias moi importantes e, sobre todo, unha falta de planificación e de capacidade de negociación que non se tivo en conta.

Nese sentido di que eles sempre se amosaron dispostos a participar e contribuír no que era a mellora da feira, así o viñeron manifestando en distintos plenos e con distintas iniciativas que presentaron, pero ao final todo se reduciu a promesas incumpridas por parte da Sra. concelleira, non cara a eles, senón cara aos propios feirantes, e á desconfianza dos comerciantes e dos propios veciños de Cambre.

Tamén no mesmo sentido queren dicirle á Sra. concelleira que o que fixo coas súas declaracións foi tensionar máis a situación. El cre que nin aos comerciantes, nin a ninguén, se lles pode chamar chantaxistas por exercer un dereito libre que teñen a montar ou non. Eles están defendendo os seus intereses e teñen liberdade para montar ou non, pero non se lles pode chamar chantaxistas. Pregúntalle se ela pensa que tamén son chantaxistas as persoas no exercicio libre de facer folga, pregúntalle se tamén chantaxean ás empresas.

El cre que esas declaracións da Sra. concelleira non foron as máis afortunadas, porque se dedicou, a golpe de prensa, de notas nos medios de comunicación, a intentar desprestixiar e botar porcallada enriba dos feirantes, e os veciños de Cambre tiveron que lamentar que durante dez meses non se fixera a feira no centro. Pregunta se se dan conta do diñeiro que perderon os comerciantes de Cambre durante ese tempo, pregunta se alguén chegou a valorar o que perderon, nalgúns casos o 40 ou 50%. Di que algún feirante díxolle o outro día que perdera 400 euros soamente nunha feira, pregunta quen lles vai aboar iso.

El de verdade lle diría á Sra. concelleira que cando faga a súa intervención lle pida desculpas aos feirantes, ao comercio, e á hostalería e ao pobo de Cambre.

Conclúe dicindo que eles, aínda que se abstiveron cando se aprobou, agora van votar a prol da modificación porque cren que é de xustiza.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo fan unha valoración de todo este episodio loxicamente crítica, porque entenden que as cousas se puideron ter feito substancialmente mellor. De entrada conseguiron algo histórico, que non conseguiron nin a guerra civil, que foi parar a feira en Cambre.

A última vez que se suspendeu a feira en Cambre, segundo as noticias máis ou menos documentadas que eles teñen, foi coa última pandemia de gripe, é dicir, isto é máis que un goberno, no tocante á xestión que fixeron da feira, é unha auténtica peste, e o din así, con palabras grosas, porque entenden que moitas veces se disparou con munición ben forte e ben potente contra os grupos da oposición.

El quere dicir aquí que o BNG, pero constatando tamén o que fixeron os outros grupos

da oposición, que nos momentos previos ao plante por parte dos feirantes hai quince días na feira de Cambre absolutamente ningún grupo da oposición disparou unha nota de prensa contra o goberno municipal e, non obstante, asistiron atónitos a como dende o goberno municipal se acusou aos grupos da oposición de estar a manipular aos feirantes, consideración bastante peculiar do que debe ser o xogo democrático, porque el entende que os grupos da oposición terán todo o dereito do mundo a falar con quen queiran e, por suposto, tamén cos feirantes, pero é que a maiores diso parece que os feirantes son pouco menos que persoas iletradas ou facilmente manipulables que se poden mover ao seu gusto e antollo.

El cre que os feirantes actuaron cunha dignidade da que careceu o goberno municipal. O documento que fixeron circular o propio día da feira explicaba ben ás claras cales eran os seus problemas, e calquera persoa minimamente obxectiva que atendera ás súas reclamacións entendería que eran argumentos ben intencionados e que de ter negociado antes se podería ter evitado o que finalmente pasou, que foi algo total e absolutamente dantesco.

Di que todo ese proceso culmina agora cunha revisión das taxas. Eles están a prol, tan a prol están que o pasado 26 de abril do 2012, cando se debateu a ordenanza que hoxe van modificar, o BNG, foi o único que votou en contra da aprobación desa taxa, porque entendían, e así o manifestaron no debate os días previos, que era abusiva e que podía contribuír a poñer en perigo, nun momento de crise económica, un mercado ambulante como o de Cambre que non ten as dimensións, a potencialidade, ou tamaño do feirón de Sada, por exemplo, ou da feira de Paiosaco, o feirón de Arteixo, a feira de Carballo, etc. Pero aquí, o afán recadatorio e bastante de man militar por parte do goberno municipal, tróxoos onde os trouxo, non se pode confundir o diálogo coa chantaxe. El chegou a este pleno e sairá del pensando que os feirantes non son bolxeviques perigosos nin suxeitos revolucionarios, é xente bastante razoable que o que quere é traballar.

Di que calquera deles, ao cabo da vida, terá visto moitas folgas, moitos paros, moitas actividades de protestas, dende traballadores do naval, metalurxia, asalariados de calquera tipo, pero el é a primeira vez que ve unha folga de feirantes, un paro por parte dos vendedores ambulantes como o que aquí se produciu.

Segue dicindo que, ao seu modo de ver, todo foi un xogo de medias verdades e de medias mentiras, que remata como moitas outras cousas nesta lexislatura, co goberno municipal baixándose da burra, co goberno municipal negociando, co goberno municipal apeándose das súas posicións maximalistas e chegando a un acordo que eles entenden razoable, por iso queren saber cal é a opinión que teñen os feirantes, os seus representantes, cal é o parecer que teñen ante esta nova ordenanza, se foi consensuada con eles e, en función diso, se lles din que si, votarán favorablemente.

Conclúe dicindo que dixo a concelleira Marta Vázquez Golpe que estaba disposta a perder o cargo, eles cren que pola vía dos feitos xa o perdeu. Si lle recoñecen que quizais non antes, pero que o propio día da feira ela estivo alí dende primeira hora, dando a cara, diante dos feirantes, e eles cren que iso tamén é xusto recoñecelo, que despois do que eles xulgan como un cúmulo de erros, estivera alí aguantando a chuvascada. Ao mesmo tempo, tamén din que lles chama moitísimo a atención que

non estivera presente o Sr. alcalde de Cambre, porque alcalde de Cambre, con independencia da remuneración, se é as vinte e catro horas do día. E se é alcalde de Cambre para poñer unha placa inaugurando o Campo da Feira, tamén ten que ser alcalde de Cambre para estar ese día aí, aguantando a chuvascada e intentando solucionar os problemas.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que é unha mágoa que nun asunto desta índole estean todos tan divididos e sexa obxecto de discusión. El imaxina que agora a Sra. concelleira poderalles informar de todo o que realmente ocorreu e cales eran as reivindicacións. El o que si quere destacar é que, con independencia de que os grupos que lle precederon teñan votado abstención ou en contra, o que si é verdade é que ningún grupo fixo ningún tipo de alegación á ordenanza fiscal, e cre que tampouco ningún feirante a fixo.

Di que el tamén ve xusto que se rebaixe a taxa, pero tamén quere salientar que por parte dun grupo de feirantes incluso quixeron que se fixera folga, non só da feira, senón tamén dos comercios de Cambre que abren os domingos de feira. Pode dicir, xa non como concelleiro, senón como presidente da Asociación de Empresarios de Cambre, que ningún comercio tradicional de Cambre que abre os domingos de feira, pechou nin secundou a folga.

El está de acordo co Sr. Taibo en que os feirantes, ou quen queira facer folga, ten dereito a facela, pero tamén hai que dicir, porque dixo o Sr. Carballada que non son bolxeviques, tamén hai que dicir que quen quere montar o posto tamén ten dereito a facelo, porque non quere meter a todos os feirantes no saco, pero si se viviron algunhas escenas un pouco feas por parte dalgúns, incluso hai quen tivo que desmontar o seu posto con insultos e demais.

El agarda que este tema xa estea solucionado, que o día 2 haxa unha feira normal, que se baixen as taxas e se solucionen os erros que puido haber, e nada máis, porque por suposto que teñen dereito a ir á folga, pero tamén teñen dereitos e hai que respectar aos feirantes que querían traballar ese día.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que contestando de forma xeral, a ela tamén lle dá moita mágoa que se cuestione todo o traballo feito polo equipo de promoción económica, que leva máis dun ano e medio en rodaxe. O traballo que foi elaborar unha ordenanza, o traballo que ten sido reunirse con todos e cada un dos feirantes, non só unha, dúas nin tres veces, senón moitísimas reunións, visitas persoais que lle fixeron a ela na súa oficina continuamente, e todo ese contacto fluído que ten habido en todo momento cos feirantes.

Di que lle dá moita mágoa, porque despois de todo iso, de todo o que pasou e de todas as acusacións que eles están facendo, non houbo ninguén da oposición que teña acudido ao departamento de Promoción Económica a interesarse, a ver que era o que realmente estaba pasando alí. Ninguén foi solicitar unha soa documentación, ninguén foi a interesarse por como estaba a ordenanza, ninguén foi ver as solicitudes, e ninguén foi ver os escritos que eles mesmos presentaron na ADL. Polo tanto, estase cuestionando a unha das partes, cre que bastante inxustamente, porque non se tivo en

conta a opinión dunha desas partes.

Dí que pode asegurar que talante dialogante ten habido dende o principio, dende a elaboración da ordenanza. Eles saben e o poden afirmar que sempre teñen as portas abertas cando queren falar con ela ou con calquera das técnicas da ADL, e saben que o primeiro escrito presentando firmas fíxose no concello e entrou por rexistro unha vez feita xa a licitación de postos, é dicir, xa finalizara o prazo de presentación de solicitudes cando se fixeron todas esas reclamacións.

Por todo isto, a tarefa que se lles propón é complicada, porque estanlles propoñendo modificar todo unha vez que comezou a licitación. Preguntan cal é a fórmula, pois ela dilles que a fórmula ninguén a soubo, porque cando ninguén ten dito nada anteriormente, e dous meses antes de que a feira teña que subir e de que estean adxudicados os postos, un grupo de feirantes cuestiona todo o procedemento, que lle digan a ela como facer.

Por outro lado, tense falado do tema de que algún dos antigos non ía ter posto, ou de que os postos que estaban designados non cubrían as súas necesidades. Ela dilles que todos e cada un dos antigos tiveron o seu posto preferente na feira, é máis, nas últimas propostas que lles fan para certas modificacións de cara á feira do día 2, en ningunha desas propostas se solicita ningunha modificación de ningún posto de ningún antigo. Si hai algunha que pide un metro máis, que piden anchar un posto, que piden deixar unha zona de paso, pero non modificacións dos postos dos antigos. Isto o que lles confirma é que a ordenanza cumpre coa expectativa de que todos os antigos teñan o seu posto preferente.

Ela tamén leva, non 30, pero case 30 anos vivindo en Cambre e é verdade que nunca vira unha folga na feira de Cambre, pero tamén é a primeira vez que ve unha feira regulada, na que todos os feirantes van ter unha seguridade xurídica, van ter o seu posto, van ter a súa licenza, e o Concello de Cambre daralles a súa protección todos os días que vaian vir á feira, cousa que non ocorría ata agora, é un feito histórico tamén a ter en conta.

Tamén hai outra cousa que lle chamou a atención, o que din de que ten acusado á oposición de manipular aos feirantes. Ela en ningún momento se ten referido a ningún grupo, non se referiu á oposición e non ten feito ningunha declaración dese tipo, se eles a viron nalgún sitio, pide que lle digan onde, para sabelo, porque en ningún momento dixo que ningún grupo da oposición estea manipulando aos feirantes.

Respecto do afán recadatorio, pregunta se unha partida de ingresos de 12000 euros para o Concello de Cambre supón un afán recadatorio.

Tamén lle preguntan se a modificación da taxa foi consensuada con algún representante dos feirantes, o mesmo lles di, ten habido diálogo dende o principio. É certo e non poden negar que dende moito antes a que se presentaran eses escritos o día 7 de agosto ela lles tiña confirmado que non tiñan ningún problema en baixar a taxa, pero non lle deron credibilidade a ese compromiso que o goberno municipal fixo, e quizais iso teña sido a punta de lanza, non o sabe. En calquera caso, ten sido unha negociación complicada, foi unha ordenanza complicada, e ela do que si se alegra e o

que agarda é que o día 2 haxa feira e que a partir de agora todos os feirantes teñan a súa licenza, estea regulado este tema, e repercuta beneficiosamente en todo o municipio.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o seu grupo non vén facer aquí ao pleno unha crítica baleira de contido. Xa dixo antes que o seu grupo, ao contrario do que dixo a Sra. concelleira, presentou distintas iniciativas e sempre intentou que a feira viñera para arriba nas mellores condicións. Do tema dos aparcadoiros teñen falado aquí nalgún pleno, a iniciativa de EU. Tamén faláron da seguridade, precisamente nestes días se ten instalado un sinal de dirección prohibida que pediu o seu grupo. No tema da organización tamén presentaron iniciativas, sobre o tema do fraccionamento das taxas, porque os feirantes protestaban por iso, tamén presentaron iniciativas, e tamén sobre a colocación dos postos, e non van falar da moción que presentaron no mes de xaneiro do 2013 para que a feira voltara para arriba.

Por outra parte, di que si houbo problemas. Todos saben que houbo problemas e que houbo fallos, como os hai normalmente, pero algún deles máis que fallo case foi unha provocación, porque para el é unha provocación cando se instala unha churrería que tiña un sitio orixinal no que levaba instalada sobre 50 anos, e instalan a churrería nun sitio onde non debería estar. Iso foi un fallo para el, e unha provocación para a persoa que instalaba nese lugar.

En canto ao tempo, el efectivamente sabe que houbo un traballo tras todo isto, houbo un traballo dos servizos técnicos, dos funcionarios e da propia concelleira, pero están falando de 10 meses, máis o tempo que botaron arranxando o Campo da Feira, é dicir, falan dun tempo máis que prudencial para que isto estivera rematado.

Tamén lle chama a atención o que dixo o Sr. Baamonde, que non se presentaron alegacións, pero é que el non estivo negociando coa Sra. concelleira o tema dos cartos, iso é algo que negocian os feirantes e, á marxe de que se presentaran ou non alegacións, cando unha cousa se fai mal pódese mellorar, e o Sr. Baamonde durante os dous anos que levan na Corporación tamén puido presentar algunha iniciativa respecto da feira de Cambre, pero non presentou ningunha.

El ten apuntadas sete iniciativas que presentou o grupo de EU respecto da feira de Cambre, así que non veña aquí a reprocharlles que tiveron tempo de presentar alegacións, porque neste caso son os feirantes os que entenden do tema, son os que saben da colocación, o sitio, as preferencias, etc. Non obstante, eles algunha cousa si que achegaron, como avisar que había algúns produtos que non deberían estar no sitio recentemente arranxado, que deberían estar no sitio do aglomerado. EU si que presentou alternativas.

En todo caso, como dixo antes, agardan que a feira de Cambre veña nas mellores condicións, e que a hostalería, o comercio, e todos os veciños de Cambre, se sintan a gusto, que veña moita xente e que os feirantes sigan explotando os seus produtos porque é o seu medio de vida.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta

que eles esperaban que fora a Sra. concelleira a que explicara ao principio deste punto a proposta do goberno, que é como adoita a ser, e non primeiro intervir os grupos da oposición, os que teñen que dar a súa opinión.

Dende o seu grupo vanse abster e teñen que dicir que, dende logo, cuestionan a falta de talante, de diálogo, que tivo a Sra. concelleira respecto da xestión deste tema. Dez meses despois trae unha proposta ao pleno que debería ter arranxado hai dez meses e non agora. Di que aquí ninguén cuestionou o traballo dos técnicos de promoción económica, que xa veñen traballando nesta ordenanza dende a pasada lexislatura, sendo un tema moi complexo. Non entenden como agora din que a oposición manipulou aos feirantes. El cre que todos o viron na prensa e unha vez máis demostran que tiran a pedra e esconden a man. Saíu na prensa e resulta que eles non o dixeron, serán os xornalistas os que o din.

Conclúe dicindo que eles vanse abster neste tema.

Don José Antonio Baamonde López pide a palabra para poder contestar, por alusións, ao voceiro de EU.

O Sr. alcalde contesta que non quere converter este asunto nunha cuestión de tira e afrouxa.

Don José Antonio Baamonde López sinala que entón aproveitará a moción que ten presentada para contestar.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación do texto da ordenanza fiscal núm. 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante:

ORDENANZA FISCAL Nº 23

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante

Modifícase o artigo 5º.- Cota tributaria, no seu apartado 1. letra A, quedando como segue:

“1.- A cota tributaria da taxa será a seguinte:

A.- Tarifa aplicable á venda ambulante realizada en mercados periódicos ou fixos:

0,4257 euros / m²/ día”

Segundo: Expor ao público no taboleiro de anuncios do concello o acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Terceiro: Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.

Cuarto: A modificación definitivamente aprobada, comezará a aplicarse a partir do día seguinte da publicación do seu texto íntegro no *Boletín Oficial da Provincia*, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

2.4. Denominación da vía AC-214 (antes Ponte do Porco a Muros) no treito que vai dende a rúa Cruceiro á rúa Pereira (Cambre)

Vista a proposta da Alcaldía do día 25 de outubro de 2013 que consta do seguinte teor literal:

“Por Resolución desta Alcaldía do día 13 de setembro de 2013, procedeuse a dividir a sección estatística 5ª do distrito primeiro, sendo un dos límites da nova sección a estrada AC-214 (“Antiga Ponte do Porco a Muros”), no treito que dende a rúa Cruceiro vai á rúa Pereira, vía que se denominou “Carretera Cambre a Pravio”.

Con data 10 de outubro actual, rexistrouse de entrada ao núm. 13941, unha solicitude a nome de don Luis Alberto Precado Martínez e outros en representación dos veciños de Freande, Drozo e As Pereiras, solicitando que a rúa AC-214 no tramo que dende a rúa Cruceiro vai á rúa Pereira pase a denominarse “rúa da Castellana”.

Visto que durante estes días mantivéronse diferentes reunións cos veciños afectados, e na Xunta de Voceiros do día de onte, os voceiros amosaron a súa conformidade coa denominación da vía proposta polos veciños, fórmulase a seguinte proposta de acordo a adoptar polo Pleno da Corporación:

Dar de alta no roteiro a vía rúa da Castellana dentro da entidade singular de Cambre, correspondente ao distrito primeiro seccións quinta e décimo segunda.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo do día 29 de outubro de 2013.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que como todos saben trátase de dar denominación a unha rúa. É algo que lles manda por lei o Instituto Nacional de Estatística, co fin de dividir a zona onde está Freande, Drozo e As Pereiras en dúas seccións distintas, e numerar esa rúa.

Como non se poden seguir mantendo as denominacións existentes, o goberno municipal fixo a proposta de chamarlle Ctra. Cambre a Pravio. Despois de varias reunións con algún grupo da oposición, e incluso dúas veces cos veciños, os veciños fixeron unha proposta de chamarlle rúa da Castellana. Esa foi a proposta que finalmente trouxeron ás pasadas comisións, e por parte do goberno non hai problema en aceptalo, dado que é o que queren os veciños.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai cambiar o sentido do voto emitido nas comisións e van votar a prol. Igual que dixeron no punto anterior, este foi outro dos temas nos que de novo o equipo de goberno puxo de manifesto unha falta de talante e diálogo. Volveron chegar outra vez a unha situación in extremis, cando tal e como está a situación agora mesmo, ou iso entenden, un tema como este para moitos veciños é importante, porque se trata da denominación da súa vivenda, da súa propiedade, da súa casa. Di que volveron a levalo aos extremos e conseguiron enfadar a moita xente innecesariamente.

Di que o seu grupo participou na primeira reunión que se fixo, por un dos concelleiros que non está hoxe presente, o Sr. Felipe Andreu, para explicarlles aos veciños a situación. Cre lembrar que o seu grupo foi o único que asistiu a esa reunión, pero aí xa se notou unha oposición total por parte dos veciños a aquelas primeiras propostas. Houbo unha recollida de sinaturas, e non entenden por que despois, por parte dese departamento, se pediu aos veciños unha nova recollida de firmas.

Dille ao Sr. alcalde que foi así, que a técnica do departamento chegou a enviar incluso unhas follas de excel para que os veciños recolleran de novo firmas que apoiaran a proposta que fixeron aquí de rúa da Castellana. Di que foi así, que non se trata de chamarlle mentireiro a ninguén, nin nada, pero a el cónstalle iso, porque llo dixeron algúns veciños, cousa á que se negaron porque dixeron que xa no seu momento tiñan achegado sinaturas.

Continúa dicindo que aquí tamén se puxo de manifesto por parte de EU, e parécelle o máis lóxico do mundo, por iso eles se abstiveron nas comisións, que debería haber algunha xustificación xurídica, non di que tiveran que ser os técnicos do concello, porque cre que vai máis aló deles, terían que ser os técnicos do INE os que xustificaran o que hoxe van votar aquí. Di que eles van votar a prol, e volve a repetilo, porque entenden que a nova denominación é unha proposta que fan os veciños, e van apoiala por iso. Entenden tamén que efectivamente terá que ser así, pero un organismo como o INE debería facer esa petición que fai, acompañada dunha xustificación legal, para que os que teñen agora mesmo que levantar a man e votar, poidan facelo con total confianza no que votan.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que isto é unha demostración máis dunha falta de tacto e de escoitar aos veciños, que

é algo para o que el cre que están todos aquí sentados. É a súa obriga escoitar aos veciños e actuar como tales veciños, porque antes que políticos son e seguirán sendo veciños despois de deixar a política.

Baixo o seu punto de vista, o outro día, na xunta de voceiros, foi lamentable a actuación de dona M^a Jesús González Roel, que asistiu en lugar do Sr. alcalde que cre que estaba nun acto no polígono de Sabón. Empezou dicindo que había 129 casas afectadas, que había 66 firmas dos afectados, que eran 38 vivendas as afectadas, que o 29,46% en contra, que había un escrito asinado por tres persoas e que non eran representantes de todos os veciños. El cre que é lamentable ir a unha xunta de voceiros con esa actitude. Logo, como lles dixeron que todos os voceiros estaban de acordo coa proposta que fan os veciños, como non pode ser doutra forma, traen a pleno como proposta do goberno a proposta dos veciños.

Di que é lamentable que se vaia a unha xunta de voceiros a dicir que un 29,46% está en contra. Non é a maneira de facer as cousas, intentar manipular ao resto da oposición con esas artimañas. Di que os veciños decidiron poñerlle o nome a unha rúa e el cre que non hai máis discusión. Son os veciños os que deciden e eles teñen que aprobalo e acabouse, polo tanto, di que o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo primeiro lamenta que a unha serie de veciños, bastantes veciños, lles vaian cambiar o nome das súas rúas orixinais, Pereira, Drozo e Freande. Iso veu motivado, e así o confirmou o goberno, por un problema de Estatística, e non cabe máis que cambiar o nome das rúas na marxe da estrada, os outros vanse seguir mantendo.

Efectivamente o goberno fixo unha proposta de denominación, pola funcionaria encargada deste tema, onde se propoñía que se denominase estrada de Cambre a Pravio. Os veciños reaccionaron, primeiro vendo se podían conservar a súa toponimia, e despois manifestando o seu desacordo. Reuníronse co goberno nunha reunión na cal el participou, cre que tamén foi o único que o fixo, e dixeron que non estaban de acordo. Ao final os veciños presentaron unha alternativa que para o grupo de EU está fundamentada e ben baseada, porque fala sobre a historia do campo de fútbol da Castellana, un campo que se inaugurou no ano 1957, un lugar de referencia para moitísimos cambreses, que forma parte da historia do concello e que deben preservar e conservar para o futuro, por iso di que EU vai apoiar a proposta dos veciños.

Segue dicindo que, falando dos problemas de Estatística, tamén foi EU o único grupo que pediu un informe dese organismo, todo hai que dicilo. Eles foron o único grupo que pediu que se lle facilitara un informe de Estatística, porque segundo a normativa Estatística tamén está para asesorar aos concellos neste tipo de cuestións. Un informe que segundo dixo o Sr. alcalde o martes nas comisións informativas, Estatística non o facilitou, limitouse a dicir verbalmente que eles non estaban para dar ningún informe, que a decisión lle correspondía ao concello.

Por outra parte, EU tamén pedía que, se podía ser, que viñera avalado por un informe de Secretaría, que tampouco procede segundo o goberno e segundo a Sra. secretaria, non procede facer un informe xurídico. Polo tanto, como dixo antes, van apoiar a proposta dos veciños, pensan que está fundamentada, rescátase un lugar de Cambre

que estaba no esquecemento, porque non figuraba na toponimia oficial, e cre que moitos cambreses van estar orgullosos de que se dea ese nome á súa rúa. O que si quere repetir é que lamenta que se lle cambie a denominación as vivendas de Pereira, Drozo e Freande nas marxes da estrada de Cambre a Pravio.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, manifesta que só lle quería comentar ao Sr. García Patiño que o outro día, na xunta de voceiros que presidiu por non estar o Sr. alcalde, o único que ela fixo foi ler un informe feito por un técnico municipal. Pode ser que ao Sr. García Patiño non lle guste, ela non lle di que teña que gustarlle ou non gustarlle, pero ela leu un informe que lle facilitou un técnico municipal, onde non quedaba, ao seu criterio, suficientemente clara a petición a prol dun nome ou doutro. Si que había firmas pedindo que non se cambiara o nome, pero iso por desgraza non é posible, hai que cambiálo, e para o criterio da técnica non estaba suficientemente claro, por iso ela dixo que había que tomar unha decisión respecto deste tema.

Despois de escoitar a todos os voceiros e ver que a maioría pensaba que estaba suficientemente claro que o mellor nome era rúa A Castellana, ela así llo propuxo ao Sr. alcalde cando terminou a reunión, e por iso o trouxeron a pleno, para decidilo, e non houbo nada máis. Se ao Sr. voceiro de UxC non lle gustan os informes, ela sénteo moitísimo, pero reitéralle que ela o que fixo foi ler un informe dun técnico municipal.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que eles recoñecen inicialmente que este non é un problema do Concello de Cambre. O goberno ten capacidade para crear problemas moitas veces, pero neste caso non foron eles, e di isto totalmente en serio. Neste sentido, e unha vez solucionado o problema dunha maneira ou doutra, e un pouco con final feliz porque se fai caso aos veciños, eles o que propoñen, e o din sen saber exactamente a fórmula, non saben se haberá algún funcionario no concello, ou se haberá que dirixirse á Xunta, ou incluso como concello ao Parlamento de Galicia, é que trasladen este problema, porque isto no fondo é consecuencia do modelo poboacional que teñen, é dicir, vén pola propia situación que teñen esas casas, de diversos núcleos que, efectivamente, conflúen nunha vía común.

Conclúe dicindo que entenden como lóxico para determinados ámbitos urbanos o razoamento que ten o INE, que ten a administración estatal, segundo o cal unha mesma rúa entre cruzamento e cruzamento ten que ter unha numeración, está ben, pero se se poden estudar outro tipo de fórmulas, ou cando menos intentar trasladar á administración autonómica un pouco esta idea, eles entenden que si sería bo e sería positivo. Simplemente sería dirixirlles un escrito, pois entenden que isto que pasou aquí, pode pasar mañá noutro concello, como xa ten pasado noutros municipios, e dalgunha maneira hai que ver se lle poden dar unha volta ao tema, para que ese tipo de problemas non volvan acontecer ou se intenten minimizar.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezoito concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Dar de alta no roteiro a vía rúa da Castellana dentro da entidade singular de Cambre, correspondente ao distrito primeiro seccións quinta e décimo segunda.

2.5. Aprobación definitiva do Plan de sectorización do SAU-BD8, en Quintán, Cecebre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente do día 21 de outubro de 2013, que consta do seguinte teor literal:

“Vistas as Resolucións da Alcaldía de datas 22 de decembro de 2010 e 16 de novembro de 2012 polas que se aproba inicial e provisionalmente, respectivamente, o plan de sectorización indicado.

Visto o informe previo favorable á aprobación definitiva do plan de sectorización referido da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 6 de xuño de 2013.

Visto o informe do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 15 de outubro de 2013, propoño ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Plan de sectorización do solo apto para urbanizar residencia de baixa densidade núm. 8 das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre sito en Quintán-Cecebre, promovido por General de Terrenos y Edificios, S.L., e elaborado polo arquitecto don Andrés Soto Núñez, de conformidade co artigo 74 destas Normas subsidiarias do planeamento e cos artigos 46-4 e 86-1 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Segundo: Publicar este acordo de aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, así como a normativa e ordenanzas deste Plan de sectorización no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co artigo 92.2 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Terceiro: Comunicar ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura a aprobación definitiva deste instrumento de ordenación e darlle traslado dunha copia autenticada de dous exemplares del, de conformidade co artigo 92.3 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo o día 29 de outubro de 2013.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que o que se trae hoxe a pleno é a aprobación definitiva do plan de sectorización do solo apto para urbanizar que está recollida nas Normas subsidiarias como SAU-BD8 en Quintán, Cecebre. Con esta actuación completárase o desenvolvemento deste solo. Están falando dun ámbito de aproximadamente uns 32000 m² nos cales propónse a construción de 84 vivendas pegadas.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que, efectivamente, trátase de facer 84 vivendas máis en Cecebre, pero non é fácil valorar o documento sen ter en conta a política urbanística do goberno municipal, por iso di que vai repasar un pouco esa política.

En primeiro lugar a modificación do Plan parcial do polígono do Espírito Santo. Foi un fracaso tombado por meterse en competencias que non lle correspondían, así llelo dixo a Xunta de Galicia.

A modificación das Normas subsidiarias para ampliación do polígono do Espírito Santo, como todos saben leva o mesmo camiño.

A urbanización fronte o colexio Portofaro, tamén un fracaso. A Xunta de Galicia no ano 2010, xa hai tres anos, redacta un proxecto viario de conexión entre a CP-1706 e O Seixal. A pesar de que o trazado do viario era de todos coñecido, o Concello de Cambre presenta ante a Xunta de Galicia un plan de urbanización, en agosto deste ano, onde non se ten en conta ese viario. Por iso, UxC presentou unha alegación onde lle advertiu ao concello que o viario pasa por riba das edificacións que proxecta ou presenta o goberno municipal.

Onte, a Xunta de Galicia publicou a exposición pública dese proxecto viario, onde, efectivamente, pode comprobarse que pasa por riba das edificacións proxectadas. Iso quere dicir que o documento presentado polo concello ante a Xunta non vale para nada.

En canto ao Plan xeral de ordenación municipal nin se sabe, nin se contesta, nin se agarda.

Todo isto o que lles leva a preguntar é por que o goberno tramita un documento que non ten en conta o viario previsto pola Xunta. Pregunta se non lles dá vergonza que teña que ser a oposición quen lles recorde a existencia do viario. E se o sabían, pregunta que pretendían, se era que querían aumentar o valor da expropiación coa aprobación do documento.

Di que a conclusión é que este goberno non só carece dunha política urbanística, senón que nin sequera coñece os proxectos que as administracións do seu propio signo político teñen previstos neste concello.

A gravidade do aquí denunciado debería concluír coa dimisión das persoas responsables da xestión da tramitación do documento, tanto técnicos como políticos. UxC nunca tivo moita confianza na xestión urbanística do goberno municipal, pero, despois do visto, non lles cabe dúbida de que teñen razóns suficientes para non confiar.

A aprobación do documento que se trae hoxe a pleno supón 84 vivendas, 160 coches e 250 veciños máis, polo que hai que garantir servizos, dotacións, infraestruturas e mobilidade. Para poder dar contido a estas demandas é necesario ter posición, claridade e proxectos sobre algúns asuntos de organización territorial, como son a vía

Ártabra, a conexión coa autoestrada libre de peaxe, tanto en Pravio como no Graxal, a rotonda a Cambre, a conexión coa autovía, en definitiva, ter unha política urbanística que aborde un proxecto integral de compromiso e viabilidade coas necesidades dos veciños de Cambre.

Por outra banda, di que os proxectos fanse coa obriga de ser executados, e neste momento moito se temen que ninguén vai garantir a execución deste proxecto, co que pode chegar a ser un caso similar ao da urbanización de Fadesa en Miño, un deserto con casas. Con estes vimbios o cesto non pinta ben. Non é estraño que teñan desconfianza e dúbida na eficacia do goberno municipal na xestión do urbanismo.

Conclúe dicindo que todo isto lévaos á obriga de verificar con lupa cada unha das actuacións que aquí se presenten, por iso propoñen, primeiro, deixar a proposta de aprobación sobre a mesa ata o próximo pleno, para ser examinada con máis detención, se non o seu voto será negativo. E segundo, na obriga que teñen de buscar unha administración eficaz e responsable, esixen a dimisión dos responsables, técnicos e políticos, que participaron na nefasta e vergonzosa xestión da tramitación do SAU da Barcala (Portofaro).

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que cre que están todos de acordo en que Cambre necesita con urxencia un Plan xeral de ordenación municipal. Ese é o documento que ten que ser o eixe articulador da política urbanística de Cambre.

Neste momento o que se lles presenta a aprobación é un SAU, un plan parcial, por iso xa anticipa que o seu grupo vai votar en contra, pero van facelo porque son coherentes co escrito que presentaron, cre que foi no mes de xullo, onde falaban do plan do Espírito Santo. Xa dixeron nese escrito que calquera plan parcial reflectido nas Normas subsidiarias tiña que pasar necesariamente polo Plan xeral de ordenación municipal.

Di que eles non van apoiar ningún plan e que calquera plan que haxa ten que estar ligado ao Plan xeral de ordenación municipal. Se están elaborando un plan xeral, pregunta por que se vai aprobar agora un plan parcial, cando ao mellor a través dese Plan xeral igual sacan outras contrapartidas e se beneficia máis o concello. De feito, coa reforma da Lei do solo este plan parcial cambia substancialmente o que estaba recollido con anterioridade nas Normas subsidiarias.

En todo caso, como dixo unha vez, o plan xeral que están elaborando está ferido de morte. Quere que todo o mundo saiba que nesta lexislatura Cambre non vai ter plan de urbanismo. Iso hai que dicirlllo á xente, levan moito tempo sen falar do plan de urbanismo, e cre que hai que dicirllle ao pobo de Cambre que nesta lexislatura Cambre non vai ter ese plan, polos motivos que sexa, pero hai que dicirlllo claramente.

Agora veñen con este plan parcial, un plan no que precisamente ten moito que ver unha empresa, o Banco Pastor, que está ligada a outra que non hai moito que está en concurso de acredores, Epaat. Se non se equivoca, o Banco Pastor tiña o 50% desa empresa que está en concurso. Ninguén ten garantías de que se desenvolva ese SAU. Todos saben tamén o que pasou nos Castros do Bosque non hai moitos anos, non fai

falta ter moita memoria, estiveron as vivendas paralizadas un montón de tempo, anos cre que foi.

Conclúe dicindo que, dende logo, o voto de EU non vai ser positivo para aprobar este plan.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai ser en contra. Eles entenden que detrás deste SAU, detrás desta modificación parcial, o que hai é un interese privado de maximizar beneficios e de facer negocio, facer negocio especulativo. Quen está detrás disto, como acaba de dicir o compañeiro de EU, é unha empresa, unha sociedade vinculada ao Banco Pastor, hoxe absorbido polo Banco Popular.

Eles teñen a sospeita, ou se queren tamén a convicción, de que o que pretenden é aprobar esta modificación antes de que en Cambre rexa un Plan xeral, que podería ser máis restritivo. Agora ben, a eles non lles gusta utilizar a palabra restritivo, ese plan o que podería ser é máis beneficioso para o conxunto dos veciños e veciñas de Cambre, comezando polos que xa viven a día de hoxe nos Castros do Bosque que, como dicía o compañeiro Luis Taibo, é unha zona que arrastra unha serie innumerable de problemas históricos dende a súa concepción, entre eles, aos que compraron aí díxeronlles nun primeiro momento que ían ter unha serie de equipamentos públicos e unha serie de zonas verdes, que non teñen.

O que se lles está a dicir agora é que con esta terceira fase poderán acometer esa serie de infraestruturas e de melloras. Di que ben, pero que agarden ao Plan xeral, porque así poderán incluso forzar un pouco máis, pero sobre todo que agarden porque saben que isto non se vai realizar neste momento.

Dito doutra maneira, e partindo da base de que unha administración ten que tratar absolutamente a todos os cidadáns e a todas as sociedades e empresas por igual, se estiveran diante dun empresario vinculado ao mundo da construción, que lle fora mellor ou peor, pero cuxo obxecto fora sacar adiante esas 84 vivendas en Cecebre porque crese que agora hai unha oportunidade de negocio, porque crese que as pode vender e sacar o tema adiante, se iso fora a xerar emprego e a mover o tema económico, que boa falta fai, pois entón eles miraríano con outros ollos. Pero detrás disto está un banco, que o que está facendo é desmantelar absolutamente toda a súa infraestrutura neste país, que o que está facendo é desamortizar total e absolutamente a carteira de investimentos que ten en Galicia, e nomeadamente na comarca da Coruña, levando absolutamente todo para Madrid, e o único que pretende agora é subirse no último vagón para sacar este tema adiante.

Dille ao Sr. alcalde que el e o seu goberno entraron no concello en xuño do 2011, e utilizando un símil que se utiliza moito no concello veciño de Sada, eles entenden que coa mochila baleira, por iso o animan, de verdade e de boa fe, a que non a encha, porque nese caso contará co apoio do BNG. Nos últimos anos no Concello de Cambre hai unha xestión urbanística bastante nefasta, eles así o cren, incluída a aprobación inicial deste SAU que se deu no ano 2010.

Di que non o di de maneira gratuíta, porque sabe perfectamente quen gobernaba nese momento, pero hoxe teñen a oportunidade de lanzar a mensaxe, aos construtores, aos cidadáns e á opinión pública, de que aquí as cousas vanse facer doutra maneira, porque se piden seis anos, entón é que moita présa non teñen, non van comezar mañá coas obras, non teñen esa intención, e todos saben que o mercado non está para iso.

Polo tanto, o seu grupo pide que se paralice, que política e consensuadamente tomen todos a determinación de paralizar algo que ten moitas máis lagoas e moitas máis sombras que luces, e que o asuman entre todos, que efectivamente hai un Plan xeral que vai máis mal que ben, pero que mentres ese Plan xeral non saia adiante, non van permitir hipotecar o futuro do crecemento urbanístico de Cambre con accións como estas.

Conclúe dicindo que, polo mesmo prezo, dende o BNG gustaríalles coñecer e gustaríalles que tamén fora contrario a este SAU, o voto do principal partido da oposición. Dende unha visión progresista e de esquerdas, gustaríalles contar co apoio, dende as súas posicións e dende os seus matices, do grupo socialista, no que eles entenden debe ser unha forma diferente de facer urbanismo en Cambre.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que despois de ver a documentación é certo que está todo conforme e todo é legal. Outra cousa é que a el non lle gusten as cousas que se fan porque así o permiten as Normas subsidiarias, o que lle gustaría é que houbera un Plan xeral, por desgraza non o teñen.

Conclúe dicindo que o que si quería pedir ao Sr. alcalde é o compromiso de que na próxima xunta de voceiros lles explique detalladamente como se atopa agora mesmo o tema do Plan xeral, e que pasos se teñen pensado levar a cabo dende o goberno, ou incluso facerlles unha proposta aos demais grupos da oposición para poder sacar adiante o tema, que por desgraza non vai poder ser nesta lexislatura, pero si polo menos darlle a maior celeridade posible.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo tamén ten o seu criterio, non fai falta que llelo pidan, xa o dan onde teñen que dalo, que é no salón de plenos.

Di que a eles tamén lles xorden unha serie de dúbidas, sobre todo, como xa se comentou aquí, no que se refire a como unha actuación como esta se integra dentro das liñas xerais do que vai ser o próximo Plan xeral de ordenación urbanística municipal. Cren que non se prexudicarían os intereses desta actuación, incluso como dixo algún outro compañeiro, ao mellor ata poden verse beneficiados, pero todo este tipo de actuacións de carácter urbanístico que se están traendo, teñen que verse dentro do conxunto das liñas e dos criterios políticos que queren que recolla o novo Plan xeral.

A solicitude que se fixo aquí de deixar o tema sobre a mesa para no próximo pleno poder analizar con máis datos esas diferenzas, esas dúbidas que se lles presentan,

cre que é moi acertada, e eles apoian, nese sentido, que quede o tema enriba da mesa. Se non é así, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz manifesta que, á vista de que dous grupos municipais propoñen que este punto quede enriba da mesa, pola súa parte non vai haber ningún problema, porque non teñen maior problema en sentarse a discutir este tema.

En todo caso, di que quere agradecer as palabras do Sr. Baamonde. Cre que ten sido o único que pediu que se senten a falar do Plan xeral, porque en varias ocasións se lles ten invitado a facelo, e hai tempo que ningún deles lle pregunta polo tema. Agás o Sr. Rey que si lle preguntou nunha ocasión, non teñen acudido a preguntarlle como esta o tema. É dicir, critican a xestión do goberno municipal, están no seu dereito, pero tampouco eles fan moito máis á parte de criticar, ela non viu que veñan a preguntar ou a interesarse.

Conclúe dicindo que, entón, deixan o asunto enriba da mesa.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que a Sra. concelleira dixo bastante, e o asunto queda sobre a mesa. Sobre o tema do Plan xeral pide que non se siga discutindo, porque el cre que onde o teñen que discutir é nunha xunta de voceiros, posiblemente na vindeira semana serán chamados para falar do Plan xeral.

El simplemente quere contestar a unha das cousas que se dixeron aquí. O asunto vai quedar sobre a mesa, pero é un escarnio no que lle quere facer entrar o Sr. García Patiño, porque o Sr. concelleiro saberá moito de urbanismo, e ao mellor el mesmo non sabe nada, pero pídelle que non diga cousas como que o Sr. alcalde descoñece tal asunto, non sabe, é un inútil ou outras cousas polo estilo.

Tamén lle pide que teña en conta que esa urbanización da que falou, que dixo que se pretende ou pretendía facer diante do Portofaro, non foi presentada no Concello de Cambre, foi presentada directamente na Xunta. Así que non diga que o Sr. alcalde empuxa cousas para adiante.

En canto ao tema da segregación do polígono de Espírito Santo, o Sr. voceiro sabe perfectamente que iso foi unha iniciativa que se levou conxuntamente polos concellos de Sada e Cambre ante a Xunta. A eles chegoulles a parte de Cambre e a Sada chegoulle a de Sada. Eles a única obriga que tiñan era mandala á Xunta e que a Xunta ditaminara, polo tanto el non está empuxando ningún tipo de urbanismo.

Con respecto a este SAU, di que el non o iniciou, pero que o expediente ten todos os informes técnicos, medioambientais e de todo. Foi iniciado provisionalmente no ano 2010, e ningún dos políticos que están agora no goberno municipal tiveron nada que ver nesa aprobación provisional. Eles agora traen o asunto a pleno porque, dado que conta co informe favorable da Xunta, o empresario, como é lóxico, veu ao concello e díxolles que tiña todos os informes preceptivos, e que tiñan que levalo a pleno e aprobalo ou botalo para atrás. El ten que facelo, por iso o trae ao pleno, porque como goberno responsable é o que ten que facer.

Segue dicindo que el xa sabía do trazado do que falan hoxe na prensa, naturalmente que o sabe, e sabe que isto estaba afectado polo trazado, e así se lle dixo á empresa, pero como a empresa cumpre cos requisitos perfectamente, o concello ten a obriga de mandalo á Xunta, e el enviouno á Xunta para que ditaminase. Iso é o único que fixo, mandalo a un organismo superior que é o que ten que ditaminar.

Reitera que naturalmente que sabía o do trazado. É un goberno da mesma cor, como dixo o Sr. García Patiño, pero aínda que fora de distinta cor tamén o sabería, porque ese plan de mobilidade é bastante antigo, e ao mellor entón estaba na Xunta un goberno que non era da súa cor.

Conclúe dicindo que isto é simplemente como aclaración.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que el en ningún momento chamou inútil ao Sr. alcalde, iso díxoo o propio alcalde. El non o fixo nin pensa facelo.

Di que el tampouco sabe de urbanismo, el sabe, e xa o dixo moitas veces, de vernices. Sabe moito de vernices, de urbanismo non sabe, simplemente déixase asesorar, e o Sr. alcalde, en vez de dedicarse unicamente a trasladar o que din os informes técnicos, que din que é legal, podería ter unha idea global do urbanismo que quere en Cambre. Pero está claro que non a ten. Tamén podería ter falado coa oposición, para dicirlles que hai uns SAUs que poden levarse a cabo e que poden afectar a un futuro plan xeral.

En canto ao tema do polígono, non foi así. O Sr. alcalde deu para adiante a unha modificación, porque foi el quen asinou, cando é algo que non lle compete ao Concello de Cambre, senón á Xunta da Galicia.

Di que o goberno municipal pediu un informe á Xunta de Galicia, igual que o pediu Sada e igual que o pediu UxC, e contestáronlles que, efectivamente, UxC tiña razón. O tempo e os cartos que se perderon por ter aos funcionarios traballando nese tipo de temas, ao Sr. alcalde danlle igual, pero a UxC, non.

Di que o seu grupo, en cada paso que ven que o goberno municipal dá en urbanismo, ven un retroceso. Xa non é que estea paralizado e que non falen do Plan xeral, senón que tampouco din que a Xunta lle dixo ao Sr. alcalde que ata o 2016 ou 2018 non vai haber Plan xeral en Cambre. Iso non o din en ningún caso, e a Xunta si que llo dixo ao goberno municipal.

A Sra. concelleira dixo que non lle preguntaban polo Plan xeral, el dille que eles teñen presentados distintos escritos por ese tema, pedindo información sobre o Plan xeral, e aínda están esperando por eles. Pídelle que non diga que non preguntan, porque tamén houbo preguntas no pleno sobre o Plan xeral.

Continúa dicindo que o Sr. alcalde non é un inútil, sinceramente el cre que non é un inútil, simplemente ou está despistado, ou se fai o despistado no tema do urbanismo, e o urbanismo é o tema máis importante de Cambre. O Plan xeral de ordenación municipal é o tema máis importante de Cambre, e o actual goberno leva dous anos, ou

dous anos e medio, e non fixeron absolutamente nada por proxectar o Plan xeral de ordenación municipal.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que vai empezar dicindo que el non lle pode consentir á Sra. concelleira que diga que a oposición non se preocupou polo plan de urbanismo, non llo pode consentir. Dille que eles si se preocupan, polo menos no que ao seu grupo se refire, e o compañeiro de UxC acaba de dicir o mesmo. Si que se preocupan e presentan escritos.

Ademais, pídelles á Sra. concelleira que teña en conta unha cousa, para iso existe unha comisión informativa de Urbanismo. Quedaran en que ía ser a que controlara o Plan xeral, e cando sucedera algunha novidade, íase convocar esa comisión, ou é que lle van ter que estar preguntando todos os días como está o plan de urbanismo. Cre que ten que partir da Sra. concelleira informarlle como está o Plan xeral ao conxunto da Corporación e sobre todo ao pobo de Cambre. É unha responsabilidade súa, e non pasarlle a pelota á oposición.

Continúa dicindo que cre que foi hai un mes cando lle entregou un escrito relacionado cun tema urbanístico en Cambre, e recibiu a resposta un mes despois. Así pois, di que moita dilixencia non hai por parte da Sra. concelleira, polo que lle pide que non lles bote a culpa a eles, a responsabilidade é exclusivamente súa. Nese sentido o resto dos grupos colaboraron, se ela os convoca, eles van estar aí, como estiveron sempre por este tema, porque é primordial para Cambre, están a xogarse o futuro do concello co Plan xeral de urbanismo.

Reitera que ela é a responsable e que non lle pase a pelota á oposición.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que dende o BNG queren dirixirse directamente á concelleira de Urbanismo para dicirlle, en primeiro lugar, que de ningún modo eles puxeron en cuestión no punto que está en debate, que é o SAU en Cecebre, nin o traballo técnico da empresa, nin os labores e a dilixencia por parte do concello e dos seus funcionarios á hora de tramitalo. Di que teñen un respecto total e absoluto por ese traballo, simplemente eles, politicamente e de maneira lexítima, están en contra.

Respecto do Plan xeral, sobre o cal acaba de xurdir o debate, eles entenden que a Sra. concelleira non está sendo xusta, e así de claro o din, porque aquí houbo un momento en que a oposición propuxo crear unha comisión informativa especial sobre o Plan xeral, e o que se lles dixo é que iso se trataría ordinariamente nas comisións municipais de Urbanismo.

Ás reunións ás que os teñen convocado para falar do Plan xeral eles acudiron de moi bo grao, e entenden que nun ambiente construtivo, reunións que houbo con responsables da UTE, etc., de feito alí lles dixeron que nuns meses se lles ía convocar a outra reunión, e xamais se fixo. Por iso eles entenden que é lóxico que neste caso por parte dun grupo da oposición se poña enriba da mesa un asunto que entende que todo o mundo considera fundamental nesta lexislatura municipal, un asunto que non está marchando como debera, e que é responsabilidade primeira do goberno municipal. Di que se vai servir de algo que cada día veñan ao rexistro a presentar

papeis preguntando que é do Plan xeral, haberá que vir, pero francamente entenden que non procede.

Respecto do tema da Barcala, ese vial que aparece hoxe no xornal e que tamén saíu aquí o tema, eles fan unha petición ao Sr. alcalde para, se é posible, convoque unha reunión para tratar da información que el como alcalde ten e que eles non teñen, relativa a ese proxecto que agora está a exposición pública, que convoque unha reunión, xa non di só para os grupos políticos, senón que cren que sería bo, que sería positivo, que fora unha reunión aberta aos veciños.

Pide isto porque a información que sae hoxe en prensa, varios veciños llelo dixeron, non trae un debuxo, non trae un mapa, e moitos deles tampouco é que se vaian achegar ao concello a mirar, por iso cre que sería bo explicar un pouco as cousas e botar luz sobre esa cuestión, que efectivamente vén recollida, ou nace, do plan de mobilidade presentado no ano 2004.

Finalmente, volvendo ao tema de Cecebre, agradece aos compañeiros do grupo socialista a explicación máis que meridianamente clara da súa postura. El díxoo simplemente porque o grupo socialista adoita comezar as intervencións como grupo maioritario e, ao non falar nesta ocasión, a el faltáballe algo.

Conclúe dicindo que o que agora lle falta neste punto é que, con independencia de que o deixen para outro día, o cal lle parece perfecto, a el si lle gustaría coñecer a posición e o razoamento que deste SAU fai o Sr. alcalde, porque dixo, e leva razón, que isto en certa maneira é un trámite administrativo, a empresa ten absolutamente todos os papeis e cumpriu todos os procedementos, por iso chega a pleno, pero a el gustaríalle saber cal é a opinión do Sr. alcalde sobre o SAU.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Carballada que el a súa opinión non llela vai dar agora. Como o tema vai quedar sobre a mesa para discutilo entre todos, entón aí si que lle dará a súa opinión. Así pois, dá por finalizado o debate deste asunto.

Queda sobre a mesa a aprobación definitiva do Plan de sectorización do SAU-BD8, en Quintán, Cecebre.

2.6. Adhesión ao Pacto social contra a violencia de xénero remitido polo Consorcio As Mariñas

Vista a proposta da concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación do día 25 de outubro de 2013, que consta do seguinte teor literal:

“A violencia exercida contra a muller constitúe unha violación dos dereitos humanos básicos que debe eliminarse mediante a vontade política e as actuacións xudiciais e civís en todos os sectores da sociedade. Se ben hai unhas décadas se consideraba a violencia contra a muller como un problema social de importancia relativamente menor, actualmente é unha cuestión amplamente recoñecida que a dita violencia constitúe un grave problema de dereitos humanos e saúde pública, que afecta a todos os sectores da sociedade, transcendendo así do ámbito privado ao público.

A violencia contra a muller é unha práctica xeneralizada e profundamente arraigada que ten graves consecuencias para a saúde e o benestar das mulleres. A súa persistencia é moralmente inaceptable; os seus custos son incalculables para as persoas, os sistemas de saúde e para a sociedade en xeral.

Por todo iso e coincidindo coa conmemoración do 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero, proponse:

Primeiro: A adhesión do Concello de Cambre ao Pacto social contra a violencia de xénero do Consorcio As Mariñas.

Segundo: Cumprir cos compromisos establecidos no antedito pacto como concello integrante do Consorcio As Mariñas.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 29 de outubro de 2013.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que o que se trae hoxe a pleno é unha proposta para adherirse ao gran Pacto social contra a violencia de xénero do Consorcio As Mariñas. O ano pasado, no manifesto que se leu en Cambre e en todos os concellos que compoñen o Consorcio, un dos compromisos do manifesto foi acadar un gran pacto cidadá contra a violencia de xénero, un gran acordo representativo da sociedade das Mariñas no que estean presentes todos os elementos e as entidades deste territorio. Sumáronse cada un deles aos compromisos para acadar ese obxectivo, por iso este ano se trae a aprobación que se poidan adherir todas as partes en Cambre, tanto os colexios como as Anpas, como os grupos da oposición, tamén as empresas, sindicatos, centros de saúde e todo o tecido asociativo do Concello de Cambre.

A continuación, a Sra. concelleira dá lectura a proposta presentada, tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o voto do seu grupo vai ser a prol da proposta, pero o que si lles gustaría é unha implicación por parte do equipo de goberno, unha implicación seria por tratarse dun problema tan grave e delicado que ten a sociedade.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai cambiar o sentido do voto das comisións, e van votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que o seu grupo tamén vai cambiar o voto das comisións e van votar a prol do pacto. Queren facer fincapé en que dentro da violencia de xénero é moi importante a prevención, como todo saben, para intentar evitar que se chegue a esas situacións tan dramáticas que desafortunadamente se dan dentro dos ámbitos próximos a todos eles.

Os concellos teñen o compromiso, ademais así queda reflectido no pacto, de adoptar un determinado tipo de medidas, todas destinadas a evitar e eliminar a violencia, pero

di que eles tamén teñen un compromiso de xeito particular, non só como concello en xeral, senón como concelleiros en particular. Con isto quere dicir que cada un deles é responsable de eliminar calquera tipo de violencia verbal contra as mulleres, e evitar situacións como as que neste mesmo salón de plenos se teñen dado sen ser eliminadas e cortadas polo máximo representante do Concello de Cambre, que é o alcalde. Pide encarecidamente que este tipo de actuacións se eliminen para poder chegar a cumprir o obxectivo deste pacto, e o obxectivo de todos eles, que é eliminar a violencia, non só a de xénero, senón calquera tipo de violencia exercida contra as mulleres.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel agradece a todos o apoio a esta proposta de adhesión ao Pacto social do Consorcio As Mariñas, pero quere dicirlles tamén que dende Cambre, á parte de todo este traballo que se pode facer a través do Consorcio, tamén teñen o seu propio plan. Están traballando con todos os centros educativos, fan talleres, xa están traballando coa campaña, e esta mesma semana empezarán en todos os centros escolares e institutos. Di que iso como prevención, logo farán un grande acto social para implicar a toda a sociedade, e por suposto en cumprimento deste pacto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Primeiro: Adherirse ao Pacto social contra a violencia de xénero.

Segundo: Cumprir cos compromisos establecidos no antedito pacto como concello integrante do Consorcio As Mariñas, tal e como se transcriben a continuación:

“1. Incorporar, de forma transversal, a perspectiva de xénero nas entidades municipais, abarcando todas as súas concellería e departamentos.

2. Participar nas actividades, campañas, iniciativas, ..., impulsadas dende o Consorcio As Mariñas.

3. Dar soporte ás entidades e colectivos adheridos proporcionando os materiais e elementos que se elaboren, distintivos do pacto.

4. Apoiar as iniciativas que xurdan desde o tecido asociativo do territorio en relación coa prevención, detección e tratamento da violencia.

5. No pleno municipal que se celebre na data máis próxima ao 25 de novembro dar lectura a unha moción contra a violencia de xénero e informar sobre os datos máis recentes que haxa sobre este tema no seu territorio.

6. Facer un seguimento do desenvolvemento e do seu cumprimento, propoñendo novas accións e promovendo a adhesión de novos colectivos.

7. Colocar nun lugar visible o distintivo de adhesión ao Pacto local e calquera outro que se deseñe relativo ás vítimas mortais de violencia de xénero a nivel nacional.”

2.7. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que o goberno municipal trae neste punto unha moción relativa á formalización dun convenio de colaboración entre a Fundación Amancio Ortega, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre para a construción dunha escola infantil 0-3 no Concello de Cambre.

Explica que esta moción a presentan polo trámite de urxencia porque o convenio lles chegou o martes pola mañá, xa o comentou nas comisións informativas e, se lles parece, votan a urxencia.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que antes de votar a urxencia do asunto el quere solicitar que este tema quede sobre a mesa, e vai xustificar a súa petición.

Di que todos os grupos, incluído o grupo socialista, consideran que é urxente a firma deste convenio para que, á maior brevidade, se poida construír esa escola infantil. O que é certo é que o acordo que se vai adoptar revoca un acordo previo no que a parcela que se cedeu ao Consorcio de Benestar, eses 2000 metros, ían destinados a construír tanto a escola infantil como un centro de día para a terceira idade. Coa proposta que lles traen hoxe, os 2000 metros vanse dedicar en exclusiva a construír a escola infantil.

Di que descoñecen se hai algún compromiso por parte da Xunta para cumprir co previamente acordado en canto á construción dun centro de día para a terceira idade, xa que se todo o solo que se cede ao Consorcio de Benestar se vai dedicar unicamente a construír unha escola infantil, non vai ter cabida aí.

Tamén son coñecedores da inexistencia doutro solo de equipamento para poder construír na parroquia do Temple un centro de día para a terceira idade, polo cal, entenden a urxencia, pero consideran que é imprescindible que se lles aclaren todos estes temas previamente a poder votar o convenio que lles poñen hoxe en consideración, por iso solicitan que quede enriba da mesa antes de votar a urxencia. Se consideran que van seguir adiante coa votación, o voto do seu grupo respecto desa urxencia, vai ser en contra.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que el non ten inconveniente en deixalo enriba da mesa, a única urxencia que xurde aí é precisamente a necesidade de asinar o convenio, porque quen vai construír a escola infantil é a Fundación Amancio Ortega para despois cederlla ao Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

Os informes que se lles fixeron chegar falan de todo iso. Hai un informe do arquitecto municipal onde explica perfectamente que, unha de dúas, porque non fai referencia ao

centro de día, pero si fai constar que son necesarios os 2000 metros para a construción das seis unidades da escola infantil. Ademais, iso dividiuse en dous soares, porque a parcela non estaba dividida, co cal no mesmo soar habería que facer as dúas edificacións, a escola infantil e o centro de día para maiores, porque a outra parte está cedida para o centro de saúde do Temple.

El cre que está xustificada a urxencia, pero non ten inconveniente en deixar o asunto enriba da mesa se os grupos así o queren, o único problema é que atrasan a construción, porque a Fundación Amancio Ortega quería comezar coa obra xa, dado que a urbanización está practicamente acabada.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que todos teñen esa urxencia, pero parece que o que non tivo a urxencia foi neste caso o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, evidentemente coa anuencia do goberno municipal, por canto ese proxecto de construción, o proxecto básico para construír a escola infantil, chegou ao concello no mes de marzo deste ano, o informe do técnico urbanístico é do mes de xullo, e agora xorden as présas. Están falando dunha demora de seis ou sete meses dende que chegou aquí o proxecto, ou sexa, que a urxencia é relativa.

Ademais, evidentemente o Sr. alcalde tamén ten as súas dúbidas, porque por providencia encargou ao arquitecto municipal que informara sobre o proxecto e concretamente pediu na providencia *“Que polo arquitecto municipal, tendo en conta o proxecto presentado, se emita informe sobre a posibilidade de construír outro inmovible na citada parcela.”* Di que ao mellor estase equivocando, pero cre que o Sr. alcalde tamén estaba pensando no centro de atención á terceira idade, o centro de día.

O que están entendendo é que o proxecto que se presenta ocupa a totalidade do terreo, e o compromiso que ten o Consorcio de construír o centro de día para a terceira idade non se vai poder executar, co cal, isto á Xunta lle sae gratis. O concello pon o terreo, a Fundación Amancio Ortega constrúe a gardería e coa anuencia do concello renuncian a que en parte desa parcela se poida construír o centro da terceira idade. Gustaríalle saber que é o que achega a Xunta de Galicia a este proxecto, cero.

Cre que teñen que pelexar porque iso non sexa así, había un compromiso do Consorcio en anteriores lexislaturas para construír o centro da terceira idade, e van quedar sen el, a menos que o Sr. alcalde lle diga que non se vai facer aí pero que se vai facer noutro sitio. Pregúntalle se ten ese compromiso.

Cre que é necesario defender os intereses dos veciños nese sentido en canto ao centro da terceira idade. Reitera que cre que é máis interesante que falen disto detidamente, coa brevidade necesaria para que evidentemente esa escola infantil se constrúa, pero hai que analizar o proxecto, porque el cre que se fixo con demasiada alegría, sobre todo no que é 880 metros, se non se equivoca, dedicados a un parque infantil, que non hai ningún parque en Cambre que teña un parque infantil como o que se prevé neste proxecto básico da escola infantil. Están falando dun parque infantil para nenos de 0 a 3 anos, de 880 metros. Cre que é un tema a analizar e, se é necesario, chegar ao acordo de revisar o proxecto e que se poida recuperar certo espazo para que a construción do centro de día sexa unha realidade.

Conclúe dicindo que considera que poden deixalo sobre a mesa e esa é a súa proposta.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que a el gustaríalle escoitar ao resto dos grupos, porque entende perfectamente o que o Sr. Rey di. O compromiso acadado no seu día por outra Corporación municipal foi moi fácil, cedíanlle á Xunta un terreo e nese terreo ían facer unha escola infantil, un centro de día e un centro de saúde, pero o terreo non dá para iso, a menos que fagan esas cousas en altura. Sería facer unha escola infantil de 0 a 3 anos en dous pisos, en dúas plantas, ou un centro de día tamén con varias plantas, e ao lado un centro de saúde.

Efectivamente, agora veñen as présas, pero é que a Fundación Amancio Ortega premeu á Xunta para que isto se iniciara xa, porque quere facer a obra. O proxecto está no concello dende o mes de marzo, o informe do arquitecto municipal está do mes de xullo e el pediulle que informara, precisamente por iso, igual que llo pediu á interventora e á secretaria, para que os informes estiveran claros, e que lles expliquen por que non se pode facer na mesma parcela unha escola infantil e un centro de día para maiores. Que lle digan por que, e para iso hai que ver a parcela e estudar o proxecto.

A parcela está en bastante desnivel, e os nenos van xogar nun terreo plano, esa é a primeira cuestión, agora. Loxicamente pódese reducir a escola infantil, en lugar de facer seis unidades, facer tres ou dúas, e o resto poñelo en pisos superiores. El non ten ningún inconveniente, pero como xa dixo gustaríalle escoitar a opinión dos demais grupos, e se queren deixalo sobre a mesa, déixano e punto.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno expón que o que o Sr. alcalde está manifestando non é certo. Eles remítense ao informe do arquitecto municipal que di literalmente no parágrafo terceiro *“A superficie construída estrita é de 695,80 m²”*, isto é o edificio, os diferentes bloques que integran a escola infantil, e continúa dicindo *“e contando, tanto os patios como a proxección do beiril, que proporciona un excelente espazo exterior cuberto (342,54 m²) para xogos en días de choiva, acádase a superficie ocupada de 1118,91 m²”*. É dicir, ata os 2000 metros, están falando de 880 que quedan para un parque infantil que só van poder utilizar naquela zona con moitos nenos, nenos de 0 a 3 anos.

El o que pensa é que con este proxecto, tal e como se presenta, a Xunta de Galicia, concretamente o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, o que di é que meten todo iso para os nenos, e así se evita o compromiso de cumprir coa súa obriga de construír o centro da terceira idade. Iso é ao que lle leva e di que non quere pensar mal, pero un parque infantil de 880 m² en Cambre non existe, e neste caso vai ser un parque exclusivo para goce de nenos de 0 a 3 anos. Parécelle imposible, nunha palabra, e pide que lle permitan a simpleza, non tragan.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que el entende que queira facer unha cuestión política disto, entende que diga que a Xunta así se evita un centro de día e demais, pero ese non é o tema. Di que todas as unidades de execución das dez escolas infantís que se van facer financiadas pola Fundación Amancio Ortega son

practicamente todas iguais, porque os nenos levan unha zona de xogos, efectivamente, 345 m² para que os días de choiva non se mollen e poidan saír das clases, e estar a cuberto.

Neses 2000 m² dos que fala o voceiro do PSdeG-PSOE, non poden construír no límite da parcela, porque é imposible tal e como está. Hai que ver o proxecto, el está de acordo en que hai que velo, pero pídelle que non lle diga que mente, porque el non mente en nada, nin defende intereses de ningún tipo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o que ten que dicir cre que xa o dixo no seu día. Esta é unha cesión mal parida por parte do goberno anterior ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Di mal parida porque no Graxal non hai solo de dotación e regalaron 4000 m² de solo de dotación a unha planta. Regalan o terreo para facer un centro de saúde, pero enriba do centro de saúde aínda poden dar catro ou cinco alturas, co que poderían facer un montón de infraestruturas que necesita a veciñanza de Cambre. Iso tanto na cesión para o centro de saúde como na cesión para a escola infantil.

Á parte di que están incumprindo neste momento o acordo plenario do 30 de outubro do 2008, onde se di literalmente, e así consta no certificado emitido pola secretaria municipal e o alcalde en funcións, que no pleno da Corporación do 30 de outubro do ano que andamos aprobouse a proposta da Alcaldía de concesión de uso dunha parcela ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para construír un centro de día de atención a persoas maiores e unha galescola.

Conclúe dicindo que estarían incumprindo ese acordo e, polo tanto, eles están totalmente de acordo e agradecen a proposta do grupo socialista.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que este é un tema recorrente e ao mesmo tempo alarmante, porque el cre que non poden nin deben renunciar a que en Cambre as persoas maiores teñan un centro de día. El está convencido de que neste concello non existe proporción entre os habitantes que son e os servizos que se están prestando. Cambre precisa un centro de día, concellos máis pequenos que Cambre teñen esa infraestrutura.

Di que haberá que ver o proxecto e haberá que ver o desnivel, haberá que ver o que sexa, pero está de acordo en deixalo enriba da mesa e deixarse de présas, porque as présas non son boas. Hai que analizar este tema.

Pregunta se é que a Fundación Amancio Ortega, en todos os lugares que fai este tipo de garderías, teñen todas a mesma dimensión. O Sr. alcalde acaba de dicir iso, todas as mesmas dimensións, as mesmas características. El cre que haberá lugares que non teñan un parque de 600 metros, que o teñan de 400.

Di que deben intentar adaptar na mesma parcela un centro de día, un centro de saúde e a escola infantil. Iso é o que teñen que tratar de facer, prestar os servizos que lles corresponden aos concellos e, dende logo, o centro de día é necesario, hai que pensar nos maiores do concello.

Conclúe dicindo que, polo tanto, el apoia a proposta de deixa o asunto enriba da mesa para tratalo posteriormente.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que, se dixo a mesma dimensión, pide desculpas, non quixo dicir a mesma dimensión en canto a tamaño, senón en canto á formulación do que son as unidades da gardería, cos patios cubertos para que os nenos non se mollen e a zona arborizada de xardín para os días que fai bo. Refírese á mesma estrutura, non a mesma dimensión. O que di é que non se fai ningunha escola infantil en altura, en pisos.

En todo caso, e dado que todos os grupos están máis ou menos de acordo, pola súa parte non hai ningún problema en deixar a proposta sobre a mesa para tratala no próximo pleno.

Así pois, queda sobre a mesa a moción da Alcaldía respecto da formalización dun convenio de colaboración entre a Fundación Amancio Ortega, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre para a construción dunha escola infantil 0-3 no Concello de Cambre.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

O Sr. alcalde explica que tanto o grupo socialista como o grupo de EU presentan unha moción similar, aínda que para tomar distintos acordos. Pregunta se a queren tratar conxuntamente ou cada un por separado.

Os voceiros dos grupos municipais amosan o seu desexo de tratar as mocións por separado.

Así pois, fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE co fin de instar á ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade á derogación da resolución do 10 de setembro de 2013 da Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia, pola que se modifican as condicións de

financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde mediante a asignación de achega do usuario

Rexistrada de entrada ao núm. 14593 o día 26 de outubro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“O pasado día 19 de setembro do 2013 o *Boletín Oficial do Estado* publica a Resolución do 10 de setembro do 2013, da Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia, pola que se modifican as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde mediante a asignación de achega do usuario.

Nesta resolución recóllese que os usuarios de determinados fármacos, recollidos no anexo da citada disposición legal, virán obrigados a aboar parte do seu custo, en concreto un 10% ata un máximo de 4,20 €, cousa que ata o de agora non ocorría.

En concreto, esta disposición refírese ao copago de medicamentos destinados a tratar, entre outras doenzas: a progresión do cancro de mama avanzado, o cancro de ril, tumores cerebrais, leucemia mieloide crónica e outros tumores.

Esta norma resulta inxusta, toda vez que grava a utilización de medicamentos por parte de persoas con enfermidades crónicas e de extrema gravidade, supoñéndolles unha nova barreira, esta vez económica, para o acceso á saúde.

Dicir que o sobrecusto destas medicinas pode resultar moi elevado para o paciente ao tratarse, habitualmente, de terapias combinadas administradas durante un longo período de tempo, que inclúen dous ou tres fármacos de varias tomas diarias. A isto debe engadirse o copago, a miúdo, de medicinas adicionais prescritas para manexar os efectos secundarios das propias da terapia principal.

A inxustiza é maior nestes tempos nos que a crise ten reducida a capacidade económica a amplos sectores da sociedade o que, levado aos pacientes que teñen que ser atendidos por estes fármacos, puidera dar lugar a non poder acceder ao tratamento que se lles ten prescrito, co conseguinte risco para a súa saúde e, incluso, para a súa vida.

Ante esta situación de indefensión creada aos pacientes, varias comunidades autónomas teñen manifestado, expresamente, o seu rexeitamento e, mesmo a negativo a aplicala nos seus territorios: Canarias, Andalucía, Aragón, País Vasco, Cataluña, Comunidade Valenciana, Extremadura, Castela e León e Baleares, así o teñen dito.

Polo contrario outras, entre elas Galicia, admiten que poñerían en marcha este novo copago ao tratarse dunha lexislación básica estatal, amosando deste xeito unha absoluta submisión e insensibilidade social diante dunha medida tan irracional e inxusta.

Os socialistas de Cambre, con esta moción, queremos amosar o noso máis contundente rexeitamento á anteriormente referida disposición do Ministerio de

Sanidade e amosar o noso apoio ao gran número de pacientes, actuais e futuros, que se non cambian as cousas, tal e como pretendemos con esta iniciativa, van sufrir na súa saúde e nas súas economías familiares graves e irreparables prexuízos.

Por todo o anterior, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao Pleno a seguinte proposta de acordos:

Primeiro: Instar á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a que derroque, sen dilación ningunha, a resolución do 10 de setembro do 2013, que modifica as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde, mediante a asignación de achega do usuario.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia a que, para o caso de que a anteriormente citada disposición non sexa derogada, tome o acordo de non aplicala no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro: Que, entre mentres queda sen efecto a devandita resolución, os orzamentos municipais contemplen unha partida específica, axeitada e suficiente, que permita sufragar o copago farmacéutico hospitalario dos veciños afectados por esta inxusta disposición.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que o seu grupo pode estar de acordo con todo, e votarían a prol desta moción se o grupo socialista estivera en disposición de eliminar o punto terceiro. Dende o seu punto de vista ese apartado non ten sentido, porque todas esas axudas, incluso para medicamentos, xa as teñen recollidas na ordenanza municipal. É dicir, se fan unha transpolación de datos, que ademais foron publicados en datas moi recentes, poden ver que un municipio como Riotorto que ten 1500 habitantes ten que asumir un pago que lle suporía ás arcas municipais 15000 euros, en Cambre, con 25000 habitantes, irían a uns 250000 euros.

El entende que, ademais, a medida suporía facerse cargo dun servizo totalmente impropio do Concello de Cambre. Xa dixo que é algo que teñen recollido nas ordenanzas municipais de benestar social, e axudan a toda aquela xente que non pode pagar os medicamentos, esa axuda xa se está facendo. Se agora teñen que asignar esa cantidade nos orzamentos municipais, dalgún sitio terán que sacar os cartos, e el non o ve.

Polo tanto, conclúe que o seu grupo votaría a prol se eliminan o punto terceiro da moción.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que eles manteñen a moción nos seus termos, porque consideran que con esta medida o que se está é destruindo o sistema nacional de saúde, o acceso a unha saúde universal e gratuíta. Evidentemente, o responsable destas medidas é o partido ao cal o Sr. alcalde pertence e que tamén goberna a Xunta de Galicia.

O que non pode ser é que prestacións que estaban xa consolidadas e que non implicaban un desembolso por parte dos usuarios, neste caso os enfermos teñan

agora que ver que tendo en conta a súa precariedade de saúde, aínda por riba se lles vai ao peto.

Dixo o Sr. alcalde que en Riotorto falan de 15000 euros. El, onte asistiu a unha reunión na que se dicía que en Teo, que é un concello de dimensións similares a Cambre, se falaba de entre 500 e 1000 euros/ano. É unha cantidade a discutir, pero non é unha gran cantidade.

En todo caso, dille que como alcalde de Cambre ten unha solución, que é que as demandas que veñan dese copago e que, polo tanto, reintegraría o concello, pode compensalas no que teñen que pagarlle anualmente por canon de auga, por exemplo, á Xunta de Galicia.

Di que tan responsable é o Goberno do Estado con esta disposición, como a Xunta de Galicia, que é a responsable do Servizo Galego de Saúde e do sistema galego de saúde, por lavarse as mans e dicir que o van aplicar porque é unha norma de obrigado cumprimento.

El sabe que comunidades tamén gobernadas polo PP, como Baleares, Castilla e León, Extremadura e Comunidade Valenciana, teñen feito un rexeitamento claro deste tipo de medidas, e o que el espera é que os alcaldes galegos, na súa grande maioría do PP, poidan facer algo. Di que invita ao Sr. alcalde de Cambre a que encabece esa reclamación á Xunta de Galicia, para que situacións como esta non se repitan.

Entenden que é unha medida que unha vez máis fai recaer a responsabilidade no concello, que é a administración máis próxima, e correspóndelle ao alcalde, neste caso ao alcalde de Cambre, defender ante a Xunta de Galicia aos seus veciños, neste caso aos veciños que padecen enfermidades que teñen que ser atendidas, conforme se lles obriga a un desembolso que ata este momento non tiñan que realizar.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que el segue dicindo o mesmo. El está de acordo en instar á Xunta e instar á ministra de Sanidade, instar a quen lle digan, pero non que o Concello de Cambre asuma un custo que ten que realizar o Ministerio de Sanidade. Ademais, se o fixera estaría vulnerando un decreto do Estado, pero iso é independente, porque está aprobada unha ordenanza en Servizos Sociais que cubre esas necesidades, fai contribución aos medicamentos de todas aquelas persoas do Concello de Cambre que non os poidan pagar, que estean en risco.

O Sr. Rey quere que o que non está facendo o Ministerio de Sanidade, nin a Xunta, que o faga o Concello de Cambre cos seus veciños. Dille que iso xa o fan, dentro das posibilidades que teñen, xa o están facendo.

Por outra parte, as persoas que necesitan medicamentos caros, e que están hospitalizadas, pagan cero euros mentres están hospitalizadas. Di que incluso faláron con farmacéuticos que están ao día con este tema, e se ben en principio parecía que non estaban contentos coa medida, parece que agora isto non lles afecta en absoluto, pola sinxela razón que din, ademais, que se exclúen a todas as rendas baixas, aos parados, aos pensionistas con rendas baixas, os cales non van pagar nin un só euro, só van pagar aquelas persoas que suban de rendas de 18000 euros/ano, por iso el

non entende que por riba o Concello de Cambre teña que asumir un gasto que tiña que facer o ministerio ou o Sergas neste caso.

Conclúe dicindo que xa dixo que estaría disposto a aprobar esta moción, instar ao Ministerio de Sanidade, á Xunta de Galicia, pero o que non pode facer como alcalde de Cambre é facerse cargo dunha situación que xa está cuberta en caso de necesidade, por iso non cre que deban crear unha partida nos orzamentos.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da moción. Simplemente quere dicir que non é impropio do concello esta situación, é propio do concello que os cartos dos veciños de Cambre sexan para os veciños de Cambre cando hai unha inxustiza como é esta. O Sr. alcalde dilles que o Concello de Cambre non vai asumir competencias que neste caso terían que ser do Sergas ou da Xunta de Galicia, pero lémbrolle que no 2013 creou unha partida orzamentaria para o 061, que era unha competencia da Xunta de Galicia e, non obstante, como a Xunta non facía ben o seu traballo, fixérono co diñeiro dos veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que van votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo, evidentemente, vai votar a prol, porque comparten esa sensibilidade do partido socialista, que está en consonancia coa moción que o seu grupo presenta en sentido similar.

Pero tamén lle quere dicir ao Sr. alcalde que non pode tratar de xustificar o inxustificable, iso é consecuencia das políticas restritivas, mesquiñas e insolidarias que o PP está tomando contra as clases menos favorecidas neste país. Non é só isto, o da sanidade e o copago é un exemplo, pero tamén pasa co ensino e con moitísimas cousas.

Dí que estas son as políticas do partido que o goberno municipal defende, e como o Sr. alcalde dixo antes, ao mellor as persoas con menos recursos non van pagar, pero se é así, entón moito mellor, porque o Concello de Cambre terá menos que orzamentar. Reitera que isto é motivo das políticas mesquiñas do PP, que están levando á miseria a moitísima xente. Moitísima xente está cobrando 426 euros, dilles que lles saquen a esas persoas 3 ou 4 euros, hai xente que non come, e non poden tolerar iso. A xente está todos os días na rúa reivindicando e protestando contra estas medidas, incluso onte unha concelleira do equipo de goberno protestaba contra o seu propio partido polas medidas restritivas que están tomando.

Neste intre intervén dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, para dicir que ela estaba alí para apoiar aos funcionarios do departamento que dirixe.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedir orde a ambos concelleiros, e dille ao voceiro de EU que non fai falta que se altere, que diga as cousas con normalidade. Pídelle que termine coa súa intervención.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o único que quería dicir é que o seu grupo vai apoiar a moción.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que ela simplemente estaba en apoio ao persoal dos Servizos Sociais de Cambre que están facendo un gran labor. Di que a todo o mundo lle quede claro que a Cambre esta lei practicamente non lle vai afectar, afortunadamente. Ela simplemente o que quere son un Servizos Sociais de proximidade, e o defende aquí e defenderao onde sexa. Reitera que a Cambre, por fortuna, e previsiblemente, non lle afecta absolutamente nada este cambio.

Conclúe dicindo que simplemente era iso, que estaba apoiando aos traballadores do seu departamento.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que imaxina que aos de Cambre e aos doutros concellos que estaban alí, non vai ser que a Sra. concelleira vaia de sectaria apoiando nada máis aos de Cambre, será a todos. Alí se berraba claramente a prol do público e en contra do privado, e imaxina que ela escoitaríao igual que el.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Taibo que parece que fai uso da palabra cando quere, ás veces é así, dálle por falar e non pasa nada, pero el dille que cando diga esas cousas sobre as políticas do PP, sobre que a unha persoa que gana 432 euros vanlle sacar tres ou catro euros para pagar os medicamentos, pídelles que non engane á poboación, porque o que cobra 432 euros está exento do pago, e así vén na propia lei. Non lle sacan os catro euros ao que gana 432, iso é mentira, é así de claro, paga os catro euros aquela persoa que gaña máis de 18000 euros/ano, eses si que teñen que pagar os catro euros polo medicamento.

El xa dixo que estaba disposto a apoiar a moción, xa o dixo dende o primeiro momento, pero cre que para un concello cuxos ingresos van a menos, non a máis, ter que asumir algo impropio, que non lle corresponde, cando xa o ten previsto na ordenanza de servizos sociais, parécelle excesivo, pero os Sres. concelleiros saberán, que para iso teñen a maioría.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás dille ao Sr. alcalde que el tamén se excita de vez en cando, tamén chía de vez en cando, así que van ver se todos se controlan e van por bo camiño.

Por outra parte, el falou de 426 euros, e non se estaba referindo a este tema, ao que se estaba referindo é ás políticas escatimadoras que estaba tendo o PP contra a xente que gana ese salario. El ben sabe que a esas persoas non lle cobran, reitera que do que el falaba é das políticas que o PP fai coa xente que percibe ese salario.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG. Votan en contra os seis concelleiros presentes do PP, e abstéñense os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por dez votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do EU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Antes de dar lectura á moción, dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que como hoxe non trae reloxo, e como o Sr. alcalde sempre lle cronometra o tempo que fala en aplicación do regulamento, dille que hoxe non viu que cronometrara o tempo de ninguén e, como vén sendo reiterativo en todos os plenos, non sabe se vai facer con ela unha excepción. Dillo porque ela tamén estivo cronometrando e o Sr. alcalde debe ter o reloxo estragado, porque houbo quen pasou do tempo regulamentario.

O Sr. alcalde sinala que el nunca lle sacou a palabra a ninguén máis que cando se excede, di que é bastante permisivo niso.

Dona M^a Olga Santos López sinala que unha cousa é excederse e outra pasarse no tempo. Polo primeiro pode quitarlle a palabra, polo segundo se non llo fai a ninguén non sabe por que fai excepcións con ela. Di que unicamente lle quería comentar iso.

O Sr. alcalde preguntalle por que antes de ler a moción xa lle está dicindo que a vai limitar.

Dona M^a Olga Santos López responde que por que vén sendo habitual en todos os plenos, e ela adiántase porque vai ocorrer.

O Sr. alcalde pídelo que por favor lea a moción.

B) Moción do grupo municipal de EU sobre o copago de medicamentos para enfermidades graves e crónicas

Rexistrada de entrada ao núm. 14586 o día 26 de outubro de 2013, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Recentemente o Ministerio de Sanidade decidiu establecer un sistema de copago dalgúns medicamentos para doentes crónicos con tratamentos complexos que ata agora se daban de forma gratuíta polo sistema público de saúde. O goberno de Cambre e o conxunto da Corporación, non podemos ser alleos a unha medida que afonda no sufrimento dos máis necesitados na cobertura sanitaria.

Unha medida que non foi previamente anunciada, nin se explicou na campaña electoral por parte do PP. Unha medida imposta dende o goberno central que pon en dúbida as vidas de miles de persoas e pon prezo á súa cura.

Polo seu significado, e tamén polo seu custo, estamos ante un dos recortes máis crueis que pode facer un goberno que di ser representante dos cidadáns, e debe velar polo seu benestar e asegurar determinados dereitos, recollidos na Constitución Española e na Carta dos Dereitos Humanos.

Protexer a saúde das persoas debe ser o principio máis básico inviolable e inquebrantable dos gobernantes.

Facer pagar a un enfermo de artrite, ou de cancro, parte da súa medicación, con independencia do custo que supoña, é traspasar a liña do respecto á persoa como ser humano. Facer pagar a un enfermo crónico para acceder a un medicamento para poder seguir vivindo é unha acción desprezable e demostra un asaño cara aos débiles nunca visto nos case 40 anos de democracia. Facer pagar a un doente parte das súas medicinas mentres meses antes este mesmo goberno realiza unha amnistía fiscal, ou dá 30000 millóns para sanear aos bancos, parécenos inmoral e merece unha resposta cidadá e institucional.

Por todo o exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: O Concello de Cambre rexeita estas medidas de copago sanitario e empra a ao Ministerio de Sanidade á súa retirada inmediata.

Segundo: O Concello de Cambre comprométese a destinar unha cantidade de diñeiro, que se determinará proximamente, para axudar ás persoas con este tipo de tratamentos, de modo que a súa cura non supoña ningún gasto económico de tipo persoal.

Terceiro: Instar á Deputación Provincial da Coruña, á Xunta de Galicia e ao Consorcio das Mariñas a que realicen pronunciamentos de rexeitamento sobre esta proposta do Ministerio de Sanidade.

Cuarto: Dar traslado deste acordo aos distintos grupos parlamentarios das Cortes Xerais e da Xunta de Galicia, así como á Consellería de Sanidade, ao Ministerio de Sanidade e aos centros de saúde de Cambre e O Temple.”

Toma a palabra o Sr. alcalde e manifesta que el segue repetindo o que xa dixo, porque esta moción é practicamente igual que a que presentou o concelleiro socialista. Pasa exactamente o mesmo e non ten que explicalo. EU quere que o Concello de Cambre se comprometa a destinar unha cantidade de diñeiro que se determinará proximamente. Non fan un estudo nin lle din o que ten que destinar nos orzamentos, supón que xa llo dirán máis adiante, e despois tamén lle mandan instar a Deputación Provincial da Coruña, á Xunta de Galicia e ao Consorcio das Mariñas para que realicen pronunciamentos de rexeitamento sobre esta proposta do Ministerio de Sanidade.

A el no Consorcio non lle consta, pero na Deputación Provincial da Coruña e na Xunta de Galicia si lle consta que isto xa foi tratado e non foi aprobado, polo tanto, se queren que inste, el faino, pero non vai ser aprobado porque estas mocións xa foron tratadas tanto na Deputación como na Xunta.

Conclúe dicindo que é o mesmo, se eles retiran o segundo punto neste caso, votarían a prol, se non o fan están no mesmo caso que co partido socialista.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que ela non quere que inste, ela o que quere é que tomen as decisións que consideren que teñen que tomar. Por outra lado, para estar a prol de practicamente todo o texto, tanto dos compañeiros socialistas como no deles, dille que entre votar a prol ou en contra está a abstención, e tamén é algo a ter en conta.

Falando do tema anterior, a ela lémbra-lle e téñenlle lembrado en máis dunha ocasión a cando a súa nai lle di que é a máis guapa do mundo, é algo normal, porque todas as nais pensan que os seus fillos son os máis guapos do mundo, e isto é o que lle pasa aos concelleiros do grupo popular, pensan que son os máis guapos do mundo e así o din, porque ela non vén aquí dicindo que é a máis guapa do mundo, pero eles si o din, e ademais tamén o cren, e ese é o problema. Tamén cren que os cidadáns son imbéciles, e di que utiliza esa palabra porque lles faltan ao respecto dunha forma absolutamente increíble, en lugar de recoñecer e dicir que non están a prol porque teñen unha ideoloxía privatizadora, unha ideoloxía totalizadora, unha ideoloxía que promulga todo o contrario ao que se está pedindo nestas mocións, que é a defensa da sanidade pública.

Ademais de todo isto, di que son covardes e iso é algo que non se debería ser, e menos en política, porque en política hai que ir coa verdade por diante. Son moi covardes polo que lles dixo, porque non manifestan claramente que para eles non é o mesmo un enfermo rico que un enfermo pobre, porque se é rico para algo lle tería que servir o diñeiro. Este tipo de manifestacións nas que din que están case, case a prol, agás porque teñen que investir, antes dixo o Sr. alcalde que 250000 euros no caso do Concello de Cambre. Ela o que lles di é que os hai, que en caso de que houbera que investilos hai eses cartos. Estivo buscando nos orzamentos do ano pasado e só en teléfono xa teñen 120000, a metade, e en festas 110000, se o suman son 230000, faltan 20000, pero malo será que non os atopen.

Pídelle ao Sr. alcalde que non lles conte milongas, que voten en contra e que digan que votan en contra porque están en contra, non porque resulta que pensan que o concello non ten competencias. Pide que non lles conten parvadas.

Non sabe se escoitaron onte as noticias dos datos que saíron polo tema do copago farmacéutico, segundo os cales nos 15 meses que leva aprobado non se aforrou absolutamente nada, e o máis indecente de todo isto é que a ministra competente, ou mellor dito incompetente, resulta que para facerlles crer que esas medidas están servindo para algo, compara o exercicio 2011 co exercicio 2013. É ter pouca vergonza, iso non é que mereza unha dimisión, unha persoa que fai iso merece que se lle incapacite de por vida para ostentar ningún tipo de cargo de responsabilidade e

representación política e popular. Comparar datos que non son coherentes para tratar de enganar á cidadanía.

Segue dicindo que hai un mes, hoxe non está aquí presente pero fai mención igualmente porque consta en acta para que o poida ler, o Sr. Felipe Andreu, o voceiro do PP, pretendeu e quixo suxerir que ela estaba defendendo o terrorismo con relación a unha moción por un tema dunha banda armada e facendo demagogia cunhas vítimas inexistentes.

Vailles dicir unha cousa, e vai facelo claramente porque están falando de Sanidade, e están falando de que por desgraza moitos deles teñen enfermidades crónicas na casa, e son enfermidades que no seu propio caso, en concreto si poden asumir ese copagamento, pero é lamentable que o PP dea esa resposta e que se estea cargando a sanidade pública desa forma.

Falaba do tema do Sr. Andreu porque di que na súa conciencia nunca vai pesar a mingua da calidade de vida de ninguén, pero nas deles non o ten tan claro, e por suposto non van tocar nin unha coma da moción.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dille á Sra. concelleira que el case lle admite de todo, pero el a ela non a insultou para nada, e non lle vai permitir que ela o faga, porque ela si que está utilizando a demagogia, e faino claramente. El non é covarde, xa lles dixo o que pensaba da moción.

Está de acordo en que non está ben feita, xa o dixo, pero tamén está de acordo en que o concello non pode asumir ese gasto, e se o asume será sacándoo doutras partidas, cando xa ten unha partida para facelo. Di que lles pon simplemente un exemplo, unha persoa que gane 15000 euros/ano non paga nin un céntimo polas medicinas, unha que gane 30000 euros/ano si que paga, e unha que gane 100000 euros tamén paga pola medicina. É dicir, con esta medida o que os grupos municipais están consensuando é que os que ganan 30000 e ganan 100000 non paguen nin un céntimo, iso é o que están facendo coa moción, é así de claro, e pide que non lle dean máis voltas, dá o mesmo, aínda que gañe un millón de euros/ano unha persoa vai ao hospital e con esta moción, se derroga a lei, está exento. Pregunta a quen benefician con iso. Di que non, que é mellor que se dispensen as medicinas nas farmacias como se facía antes, que vaia ao médico a que lle dea a receita e que vaia alí e pague o 40%.

Dilles que con esta moción non están atacando ao alcalde de Cambre nin están tratando un problema do Concello de Cambre, porque Cambre non ten este problema, grazas a Deus non o ten. Eles con esta moción ao que están atacando é directamente no Concello de Cambre ao PP, e pide que o digan claro, o único que queren é atacar ao PP, porque é unha medida que de todos os xeitos non está mal feita, porque el grazas a Deus, non sabe se a Sra. concelleira o fixo pero supón que tamén, pero el viaxa polo mundo e en ningún país do noso contorno os medicamentos son gratis. El sempre pon o exemplo, porque hai pouco estivo en Austria, e os medicamentos non son gratis, en Alemaña non son gratis, en Inglaterra non son gratis, en Noruega non son gratis.

Dille á Sra. concelleira que perdoe, pero que aínda non lle concedeu a palabra. Di que está falando do mesmo tipo de medicamentos dos que están falando na moción, e en ningún sitio de Europa son gratis. Son gratis para as persoas que menos gañan, ou que teñen unha pensión baixa, para eses son gratis, pero tamén o son agora en España, só lles vai afectar a aquelas persoas que teñan salarios altos. Os que teñan salarios altos terán que pagar.

Di que por iso lle di á Sra. concelleira de EU que o único que ela fixo foi insultalo, chamouno covarde. Sabe que non llo chama a el como persoa, xa o sabe, chámallo ao PP, porque ela con esta moción o que fai é atacar ao PP, simplemente.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López di que evidentemente a el, Manuel Rivas, non o coñece absolutamente de nada, non o pode chamar covarde. É certo que si que tomou un café con el unha vez, cando aínda non tomara posesión do cargo, nin ela tampouco, pero claro que non lle chama covarde a el.

Pídelle que non pregunte a quen se beneficia con esta medida, dille que pregunte a quen se prexudica. A día de hoxe gañar 18000 euros, ela dillo porque el non o sabe, porque el non os gaña, pero pode dicirllo ela que gaña bastante menos de 18000 euros/ano, dille que 18000 euros, dividido entre 14 pagas, dá unha media mensual de 1280 euros brutos. Pregúntalle se quere dicir que iso é un salario alto.

Ela volve dicir que están a rirse da xente, absolutamente. É dun grao de desvergonza tan grande como comparar a España con Noruega. Ela non viaxa polo mundo, porque non lle chega, pero le os xornais e sabe como están os países por aí fóra, e España sempre foi a envexa de todos os países polo tema da sanidade, e o PP vai conseguir o que quere, que é cargarse a sanidade, construír hospitais privados para que os seus amigos se enriquezan e para que se poida facer o caldo gordo, posto que xa non teñen o ladrillo para especular, e iso é así de claro e así de sinxelo, e ela segue a dicilo, son un partido de covardes.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG. Votan en contra os seis concelleiros presentes do PP, e abstéñense os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por dez votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal do BNG para incrementar o Fondo de Cooperación Local

Rexistrada de entrada ao núm. 14544 o día 25 de outubro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“É preciso salientar a precaria situación económica en que se atopan os concellos galegos por mor das distintas medidas que se veñen aplicando desde o goberno do Estado e da Xunta de Galicia, baixo o paraugas da chamada crise. Estas medidas consisten en recortes de todo tipo que obrigan moitas veces a un incremento das axudas destinadas a atender as persoas máis desfavorecidas, afectadas gravemente e sen posibilidade de afrontaren as súas necesidades máis perentorias. Por outra parte existen graves dificultades para prestar os servizos máis elementais por parte da administración local aos veciños e veciñas, un feito que obriga a demandar da Xunta de Galicia que as subvencións finalistas en concorrencia competitiva que foren posibles, sexan desviadas para engrosar o Fondo de Cooperación Local que o goberno da Xunta de Galicia é incapaz de incrementar.

As subvencións finalistas en concorrencia competitiva resultan para os concellos tremendamente complicadas no seu trámite administrativo e moitas veces están suxeitas ao clientelismo político. É ben sabido que os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, son absolutamente capaces de determinaren onde son máis precisas e necesarias as intervencións municipais.

Por outra parte, o Fondo de Compensación Ambiental, creado a partir da produción de enerxía eólica, reserva para a Xunta de Galicia os 2/3 do seu importe, por iso é necesario que se reduza a porcentaxe da Xunta de Galicia e destinar a cantidade resultante tamén ao Fondo de Cooperación Local.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia para que todas as subvencións finalistas en concorrencia competitiva dirixidas aos concellos que puideren ser posibles, sexan derivadas para incrementar o Fondo de Cooperación Local.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia para un reparto máis xusto do Fondo de Compensación Ambiental, incrementando o que corresponde aos concellos que, na parte que puider ser posible, pase a incrementar, así mesmo, o Fondo de Cooperación Local.

Terceiro: Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia, grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia e FEGAMP.”

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que o seu grupo non vai apoiar a moción, vai votar en contra, porque lles parece que é unha moción que non se desenvolve, é unha moción baleira de contido na que atopan catro carencias básicas.

A primeira é que non lles explican aos veciños de Cambre, que son os principais interesados nesas modificacións, como se articula ese paso das cantidades ao Fondo de Cooperación, é dicir, das cantidades que serían de subvencións e transferencias de capital ao fondo de compensación, porque ese fondo saben que é un resultado orzamentario que está regrado e que suporía unha modificación dunha normativa orzamentaria.

Por outro lado tampouco se lles explica como afectaría este paso ás políticas de emprego e a outras políticas de gasto, en concreto aos programas de emprego que a Xunta de Galicia inviste anualmente en Cambre e que superan os 700000 euros de orzamento. Que pasaría, quen os prestaría, quen os tutelaría, como se articularían esas políticas, porque saben que hai competencias en materia de emprego que é imposible por lei que as poida asumir unha corporación municipal.

Por outra parte non existe un estudo económico sobre se disto resultaría un beneficio económico para o concello e cal sería a verdadeira repercusión veciñal dese troco.

E tampouco se aclara cales serían os coeficientes aplicables para esa suposta redistribución máis xusta, porque non lles din se tería que variar obrigatoriamente ou non o coeficiente que agora mesmo se lle aplica ao Concello de Cambre se aumentase a cantidade destinada a ese fondo de cooperación.

Por todo isto, cren que a moción non está clara, que é unha declaración totalmente xenérica, e gustaríalles saber en que repercute beneficiosamente para os veciños, e polo tanto, o seu voto non vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo, a diferenza do goberno municipal, si entende o contido e o espírito da moción e, polo tanto, o voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que simplemente quere darlle as grazas ao PSOE e aos compañeiros da oposición, e dicirlle ao PP que non esperaba o voto a prol, e que o que están presentando é unha moción, nada máis. De todos modos dille á Sra. concelleira que non se preocupe, que non esperaban o voto favorable do PP.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG. Votan en contra os seis concelleiros presentes do PP, e abstéñense os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por dez votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo concelleiro de Progresistas de Cambre. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU,

os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezasete votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción do concelleiro de Progresistas de Cambre para a concesión dunha axuda económica para a posta en marcha do centro comercial aberto en Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 14545 o día 25 de outubro de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“A Asociación de Empresarios e Empresarias de Cambre é unha asociación sen ánimo de lucro constituída o 8 de novembro de 1999, e incluída no Rexistro de Asociación da Xunta de Galicia co número de expediente 15/703 da Coruña.

Dende o 9 de setembro de 2011 está inscrita no Rexistro Galego de Comercio, sendo o seu rexistro o RGC-2011-00021.

Esta asociación está formada na actualidade por aproximadamente 80 asociados, todos eles comerciantes e industriais de diversos sectores e actividades do noso concello, cunha acentuada proxección, sendo un dos principais alicientes deste incremento a incorporación da muller á actividade empresarial, unha boa mostra diso o dato de que máis dun 67% das empresas que compoñen esta asociación están administradas por mulleres.

Os obxectivos actuais céntranse no fomento dun consumo máis consciente, responsable e á súa vez solidario, dando a coñecer os servizos máis a calidade que se ofrece aos consumidores que realizan as súas compras no amplo e variado tecido comercial que Cambre dispón.

A Asociación de Empresarios e Empresarias de Cambre vén organizando, dende a súa constitución, unha serie de actividades encamiñadas a dinamizar a vida económica e empresarial do Concello de Cambre que, non só repercute no colectivo asociado, senón tamén no resto do tecido empresarial do municipio e da poboación cambresa, como exemplos podemos salienta:

- Organización en colaboración co concello da Feira do Comercio e Artesanía dende o ano 2003 (XI edicións) de forma ininterrompida sendo unha feira pioneira na área metropolitana da Coruña.
- Organización en colaboración co concello da Feira de Oportunidades TempleStock dende o ano 2007 (XIV edicións).
- Campañas de dinamización comercial: Día da nai, Día do pai, etc.
- Sorteos e promocións do comercio local.
- Cursos de formación para empresarios/as e empregados/as.
- Cursos de formación en prácticas hixiénicas de manipulación de alimentos.
- Campaña do Nadal.
- Etc.

Destacar a colaboración de traballo e cooperación que de forma desinteresada sempre achegou a asociación de empresarios/as desde o ano 2000 data da súa creación cos distintos equipos de goberno que tivo o Concello de Cambre, con axuda e participación en cuestións de traballo relativas ao tecido empresarial que afectaban tanto a empresas pertencentes á asociación como o resto de empresas do concello.

Cabe salientar o papel desempeñado pola asociación en materia de colaboración e participación en numerosos e variados eventos de gran calado para veciños e empresarios do noso concello, eventos tan importantes como elaboración do Regulamento de participación cidadá, escritos solicitando melloras para as distintas zonas comerciais, regreso da feira do mes ao seu lugar tradicional, ampliación de zonas de aparcamento, etc.

A ningún se lle escapa a situación actual na que vivimos: crise económica, competencia das grandes superficies e centros comerciais da cidade, etc. fan que o comercio local sufra e padeza esta situación, para poder facerlle fronte temos que unir esforzos e traballar con maior intensidade, comprometernos á realización de proxectos ambiciosos e que revertan resultados a curto prazo no noso comercio local, que xoga un papel moi importante como pilar fundamental da nosa economía e como sector dinamizador del.

Un dos proxectos executables e que se pode levar a cabo a curto prazo, de forma sinxela e sostible é a do centro comercial aberto. Os primeiros pasos xa se iniciaron coa visita que tivo lugar a finais do mes de xullo á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia por parte da concelleira de Promoción Económica dona Marta Vázquez Golpe e o secretario técnico da Asociación de Empresarios e Empresarias de Cambre don Santiago Alcalde, que se reuniron coa directora xeral de Comercio dona Sol María Vázquez Abeal a quen lle expuxeron este proxecto para o noso concello, recibindo o seu apoio e ánimo para levalo a cabo e unha vez consolidado poder optar á liña de axudas que dende a Xunta se dirixen aos centros comerciais abertos e que nalgúns casos superan a cantidade de cincuenta mil euros de subvención para a realización de distintas campañas de promoción comercial ao longo do ano.

Para a realización deste proxecto necesítanse moitas horas de traballo e dedicación, con recompilación de información e a documentación necesaria para a súa posterior tramitación. Á súa vez será necesario a realización de visitas personalizadas ás empresas xunto con diversas e variadas reunións co tecido empresarial, técnicos, etc. para as posteriores visitas aos técnicos da Xunta para a entrega dos distintos apartados do proxecto.

A elaboración e materialización de todos estes apartados leva consigo un gasto económico sendo necesario para a súa execución unha inxección de diñeiro por parte do concello para a súa posta en marcha, en anos anteriores a Xunta de Galicia dispoñía de liñas de axudas para a realización dos estudos previos e distintos apartados para a posta en marcha dos centros comerciais abertos pero dende hai uns anos estas liñas de axudas desapareceron sendo os propios concellos os que contribúen para a súa posta en marcha.

E por todo iso presento, para o seu debate e aprobación a seguinte proposta:

Primeiro: Solicitar unha axuda económica de 7000 euros para a Asociación de Empresarios e Empresarias de Cambre como entidade dinamizadora do tecido comercial do noso municipio para contribuír á posta en marcha e realización do proxecto do centro comercial aberto cos numerosos beneficios que obtería o comercio local.

Un centro comercial aberto suporía unha nova fórmula de asociacionismo comercial ofertando diversidade comercial e de servizos, xunto cunha oferta de ocio, ademais de ofrecer unha imaxe comercial conxunta, unha oferta de ocio complementaria, promoción, animación e servizos mancomunados para os clientes que efectúen as súas compras.

Fomentaría o emprego por parte dos empresarios comerciantes así como a modernización do tecido comercial, representando un exemplo de oferta atractiva e de calidade. Neste sentido, non só se trata de que os establecementos ofrezan produtos especializados e de calidade, senón que presenten unha imaxe moderna e atractiva.

Ofreeceríanse aos clientes vantaxes fronte aos centros comerciais pechados como o trato personalizado, os espazos abetos e axardinados, etc., sendo o principal obxectivo dinamizar o comercio de proximidade, a través de fomentar o asociacionismo como fórmula de cohesión de intereses comúns.

Segundo: Que esta achega no elimine calquera outro tipo de colaboración posible entre concello e asociación para a execución doutras actividades xa realizadas en campañas anteriores e futuros proxectos.”

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que o seu grupo dende o principio, dende que se realizou a visita á Consellería de Comercio, apoiou a iniciativa de centro comercial aberto para a zona do Temple, á que poden tamén adherirse os comercios situados na parroquia de Cambre e noutras parroquias. Dentro dese apoio son conscientes de que para acadar ese obxectivo hai un traballo previo, hai que facer uns estudos, unhas visitas, o que leva consigo un gasto, tanto de persoal como de material, e saben que iso non está recollido no convenio que o concello ten coa asociación, polo tanto, o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo, en primeiro lugar, agradece ao Sr. Baamonde a presentación desta moción, porque recoñece que en dous anos e medio de lexislatura é a primeira vez que o grupo de PdeC trae a consideración do pleno unha moción, un rogo o unha pregunta.

Cre que o grupo socialista, nestes dous anos e medio, tense manifestado ampla e claramente sempre en todo o que son as axudas ás empresas en xeral e ao comercio local de Cambre, é prioritario para o seu grupo. O que si quere dicir é que lle gustaría que isto, ao igual que outros temas que se trataron neste pleno, quedase aparcado, e o piden porque entenden que por parte da Asociación de Empresarios deberían terse dirixido aos grupos, el descoñece se o fixo con outros grupos, co del non, para explicarlles en que consiste isto do centro comercial aberto, porque na moción aparece

esbozado pero non claramente explicado. Di que el en concreto tense posto, dende o luns que teñen esta información, en contacto con dúas ou tres das persoas que pertencen á asociación, e non lle souberon explicar claramente, nin eles mesmos, en que consiste.

Di que isto vén ao fío doutras mocións e doutros temas presentados no pleno de hoxe, onde despois de terse reunido coa Xunta de Galicia, onde o que lles fixo, e di que lles fixo porque se solidariza coa xente que foi, a concelleira e representantes da asociación, o que fixo foi darlles unhas palmadas nas costas, dicirlles que todo é marabilloso, pero que o diñeiro o teñen que asumir e gastar os veciños de Cambre, porque na moción se lles di, como futurible, que poden optar a unhas subvencións, incluso falan de diñeiro, ata 50000 euros, pero non lles garanten nin que llelas vaian dar, nin en que consisten, nin nada.

Por todo isto, eles teñen dúbidas de como se lles presenta este tema, e gustaríalles ter unha reunión coa Asociación de Empresarios, para que lles expliquen claramente en que consiste o proxecto.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que hai varias cuestións, pero vai centrarse en dúas. A primeira é que cando se pide diñeiro hai que saber se hai unha partida para iso, ou de que partida se vai retraer ese diñeiro. Que el saiba non hai ningún diñeiro destinado para isto, pregunta se van habilitar unha partida nova. El non o sabe.

Por outra parte, tamén botan de menos un pequeno proxecto que lles diga que vai ser un centro aberto dese tipo, porque ao mellor el é algo profano nestes temas, pero non o sabe, cando se pide unha subvención debería estar un pouco máis documentada.

Conclúe dicindo que, de todos os xeitos, van votar a prol, para que os empresarios de Cambre conten con eses 7000 euros, aínda que realmente non saben de onde van vir, e iso si que lle gustaría sabelo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o Sr. Taibo se lle adiantou nesta ocasión. Por outra parte, dille ao Sr. Baamonde que sinceramente cre que vendeu moi ben a Asociación de Empresarios, así el a compra, pero realmente non sabe a que se refire cun centro comercial aberto, non ten nin idea, e non pode votar a prol de algo que non sabe a que vén. Está de acordo co Sr. Taibo no que se refire a preguntar de que partida se vai conseguir o diñeiro, ou se é para os vindeiros orzamentos o que está solicitando.

Por outro lado, o grupo de UxC renunciou ás súas asignacións para dállelas a Servizos Sociais, e cren que hai outras cousas moito máis importantes que eses 7000 euros, porque realmente é un traballo que debería facer o goberno municipal e, polo que parece, nesta ocasión tamén, o que está é privatizando un servizo. O servizo váillelo dar a Asociación de Empresarios de Cambre e eles danlles 7000 euros. El cre que se trata dun labor de dinamización do comercio en Cambre que ten que facer o propio goberno, polo tanto, está de acordo co partido socialista en deixalo sobre a mesa e maduralo, e se non, o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo celebran tamén a presentación desta moción por parte do Sr. José Antonio Baamonde, coa convición ademais de que non vai ser, nin moito menos, a última.

Con respecto da moción en si, e do apoio que lle dá o grupo de goberno, a eles parécelles estupendo, é dicir, a anterior moción era pouco clara, era inexacta, non era completa, non concretaba, e esta é todo o contrario, a el tenlle quedado clarísimo todo.

En todo caso, eles están a favor de que exista ese centro comercial aberto, cre que como en moitas cousas Cambre chega tarde, por iso celebran a iniciativa da Asociación de Empresarios. Efectivamente eles tamén consideran que hai quizais un erro procedimental, que o bo sería que a Asociación de Empresarios se tivera dirixido ao conxunto de forzas políticas para facer unha reunión, e el cre que están a tempo de facela, aínda que sexa a touro pasado.

O grupo socialista pediu que se pospoña a votación da moción, e eles tamén se suman a esa proposta, cren que sería bo, porque quizais un mes nisto tampouco sexa algo moi importante, tendo en conta que cre que todos están dispostos a apoiala. Eles se non se retira van votar a prol, pero cren que sería un bo xesto deixala para o vindeiro mes, sobre todo se xa hai esa petición por parte dun grupo da Corporación. Non obstante, reitera que o BNG é partidario da moción e van votar a prol cando se someta a votación, sexa agora ou dentro dun mes.

Continúa dicindo que hai cousas neste asunto que deben coñecer, e el supón que iso será no trámite posterior. Fálase de 7000 euros e pregunta por que son 7000 e non 8000, é algo que deben coñecer, porque lóxicamente isto beneficia aos empresarios e veciños de Cambre, si, pero el quixera saber tamén por que se lle piden ao concello cartos. El está de acordo en que se dean eses 7000 euros, sen ningún problema, pero tamén teñen que ter un pouco de información, e a opinión pública ten que saber canto pagan a maiores os empresarios de Cambre, non vaia ser que asuma isto na súa totalidade o concello. El cre que nese sentido si debe haber, quizais, máis información e, dalgunha maneira, socializar máis esta medida.

Conclúe dicindo que tamén lle gustaría que a través da Asociación de Empresarios lle quedara meridianamente claro, a todos e cada un dos asociados, que antes a Xunta de Galicia apoiaba orzamentariamente este tipo de medidas, el coñece varios casos que se teñen levado a cabo, en Monforte, Carballo, etc. Hoxe, a contía que pon a Xunta para o estudo inicial é de 0 euros, por iso teñen que facer os concellos de pagadores nesta cuestión. Cre que iso tamén é algo importante a ter en conta.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, en primeiro lugar agradece aos grupos que van apoiar a moción. Di que por suposto non a vai retirar, o que si se compromete, a semana que vén, é a convocar a todos os grupos para manter unha reunión coa directiva da Asociación de Empresarios e explicarlles en detalle de que se trata.

Preguntaba o Sr. Carballada que por que 7000 euros, pois aproximadamente é o que calculan que lles pode custar os trámites de levar a cabo o estudo, porque isto non

significa que vaian ter mañá un centro comercial aberto, non é iso o que significa, hai unha serie de requisitos que hai que cumprir, hai uns comercios que se teñen que asociar, hai unha zona concreta onde ten que ser, que é a zona do Graxal porque é a que cumpre eses requisitos, pero si que é importante dinamizar o comercio en Cambre, el cre que iso é bo, que fomenta o emprego. Di que ese é o motivo de que se teña taxado en 7000 euros.

En canto á exposición do partido socialista, el de verdade lamenta a versión do voceiro suplente dese grupo. Parece que sexa unha perrencha que veña aquí e que lle bote en cara que a Asociación de Empresarios non llo comentou a todos os grupos. Di que é como se el vén aquí nos plenos pasados, ou nos futuros plenos, o grupo socialista trae algunha moción dalgunha zona do municipio, e el dilles a eles por que esa asociación ou eses veciños non foron falar con el, co PP ou con UxC. Parécelle que está fóra de lugar.

Respecto de que é a primeira moción que presenta, cre que o Sr. concelleiro socialista non se debe meter no traballo de PdeC. El sabe que a eles lles gusta moito o protagonismo, saír nos xornais, vir aquí, falar moito e venderse, pero el dilles que como sigan traballando así, iso non lles vai dar ningún voto.

Dilles que a Asociación de Empresarios de Cambre fixo moitas propostas, e este concelleiro tamén fixo moitas propostas, pero aquí parece que se non saen no xornal, parece que non vale, parece que se non se canalizan polo pleno, non valen, e teñen a mesma validez, e incluso ao mellor se conseguen máis cousas indo falar directamente co concelleiro responsable, que vindo a pleno aquí para intentar sacar dous votos.

Tamén quere aproveitar para dirixirse ao Sr. Taibo e dicirlle que sabe que persoalmente o aprecia, pero non lle pareceu ben o que dixo antes de que non fixo ningunha proposta para a feira. Di que iso non é así, o Sr. Taibo venlles demostrando pleno tras pleno, e xunta de voceiros tras xunta de voceiros, que todo o de Cambre é grazas a el, é unha proposta súa, iso díxoo el, só foi el á reunión, iso foi EU o grupo que o dixo,, no sabe se o di para que os veciños de Cambre lle teñan que ir dando as grazas cando vai pola rúa, non o sabe, non o entende, de verdade, só falta que diga agora que a igrexa de Cambre se construíu porque foi unha moción do seu grupo, é o que lles falta por escoitar.

Pídelle que perdoe o comentario, pero é certo, o Sr. Taibo hoxe aproveitou o pleno para en tres ou catro ocasións intentar poñerse unha medalla. El cre que un tense que alegrar das cousas que se conseguen para Cambre, e o de menos é o concelleiro ou o grupo que as propoña. O importante é que as cousas se fagan en Cambre, e que sexa beneficioso para todo o pobo, para todas as persoas, porque para iso están aquí, non para dicir que esa proposta é dun ou doutro.

Tamén quere dicir que o Sr. Taibo dixo antes unha cousa que non se corresponde coa realidade, dixo cando estaban discutindo a ordenanza fiscal, que a feira de Cambre volveu ao seu lugar grazas a unha moción de EU, e iso é mentira.

Don Luis Miguel Taibo Casás preguntalle quen dixo iso e dille que está mal.

O Sr. alcalde pide orde.

Don José Antonio Baamonde López contesta que foi o Sr. Taibo o que antes dixo que EU tiña presentado unha moción para traer de novo a feira ao Campo da Feira, e despois poderán escoitar a acta.

O Sr. alcalde pide ao Sr. Baamonde que vaia rematando a súa intervención.

Don José Antonio Baamonde López di que son dous minutos nada máis. Expón o Sr. Taibo sabe que a Asociación de Empresarios de Cambre, se reúne con todos os grupos, incluído o equipo de goberno, e o día 30 de xaneiro deixou papeis para recoller sinaturas nos diferentes establecementos do municipio, e recolleu 673 firmas para que a feira tradicional volviera ao Campo da Feira, 673, e ata lle pode dicir o número de firmas por cada establecemento. E nese pleno no que o Sr. concelleiro de EU di que presentou a moción, que é verdade que a presentou, pero unha semana antes, nunha xunta de voceiros na que todos os voceiros e o Sr. Taibo estaban presentes, decidiron que a feira viña para o Campo da Feira outra vez, é dicir, non facía falta esa moción, pero claro, era unha vez máis para poder dicir que EU presentaba unha moción para que a feira volviera no seu lugar orixinal, cando xa estaba decidido que así ía ser.

Conclúe dicindo que el quere agradecer ao BNG, PGD, EU e, por suposto, ao PP o apoio a esta moción e, antes de que se esqueza, quere dicir que o voceiro suplente do partido socialista que actuou neste punto, en *petit* comité, a el e a outro membro máis da Asociación de Empresarios de Cambre, díxolles que o concello lle daba pouca axuda económica á asociación, iso ténllelo dito el, e agora vén aquí a contarlles outra cousa.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane manifesta que el non sabe se é que non se entenden as palabras ou é que se escoita o que se quere escoitar. Di que sen alterarse e sen necesidade de ningunha outra cousa, el recoñece esas conversacións, porque non ten nada que ocultar nin mentir, el o único que acaba de dicir, e volve reiterar, é que apela ao sentido común. Neste caso ao Sr. Baamonde, como presidente da asociación, compaxinando o cargo coa representación de PdeC, que é o partido que presenta a moción, pero sendo como é presidente da Asociación de Empresarios, o grupo municipal dos socialistas de Cambre volve reiterarlle a proposta que se lle fixo, deixar isto sobre a mesa, que a Asociación de Empresarios, PdeC, ou quen queira facelo, que se reúna cos grupos municipais, que el cre que outros grupos lle teñen manifestado o mesmo, que lles explique en que consiste o proxecto e, en ningún caso aquí se lle ten dito cal ía ser o sentido do voto do grupo municipal socialista.

Conclúe dicindo que a proposta do seu grupo é clara, que lles explique, a Asociación de empresarios, o grupo municipal de PdeC ou quen sexa, en que consiste o proxecto, e no seguinte pleno se trata, simple e sinxelamente, é unha cousa de sentido común, non é necesario nin alterarse, nin faltar ao respecto a ninguén, porque el cre que ninguén lle faltou ao respecto ao Sr. Baamonde.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que non sabe por onde empezar, pero que cando el vén aquí aos plenos ou fóra dos plenos, ten a obriga de informarlle aos veciños o que vén facer, e quere que os veciños saiban tamén as iniciativas que presentan. Non fai como outros, e dálle a sensación de que o Sr. Baamonde é un concelleiro frustrado, porque efectivamente, hai que dicir que non presentou unha iniciativa en dous anos e pico, e teñen que dicilo porque non é mentira, e nas cousas que son verdade non se debe mentir.

O Sr. Baamonde trata de botarlle a el cuestións que non son verdade. O da moción que presentou EU está aquí, e se quere ensinalla, é unha moción do grupo municipal de EU para a colocación da feira de Cambre no seu lugar tradicional.

Dille ao Sr. Baamonde que mentiu, e que non pode facelo. Na xunta de voceiros, e así consta na acta, cando se explica o da feira de Cambre, el xa dixo que estaba presentada a moción no rexistro, pregúntalle se non se lembra diso, porque podería telo dito, e quen o dixo foi o Sr. Daniel Carballeda, que xa estaba presentada a moción de EU.

Manifesta que eles veñen aquí a dicir o que fan, e se o Sr. Baamonde ten algún tipo de complexos é problema del, é máis, dille unha cousa, e dilla coa confianza que teñen, que é moita, dille que el está cansado de que ande por aí dicindo que está cansado de escoitar aos concelleiros de EU. Di que o concelleiro de PdeC dálle bastante ao pico, e os concelleiros de EU ao que veñen é a defender os intereses do conxunto dos veciños do pobo de Cambre, que é o que deberían facer todos.

O Sr. Baamonde dixo que fai un montón de historias e el dille que as faga onde queira, pero eles veñen aquí ao pleno, porque para eles é o lugar para debater e presentar as cousas, iso á marxe dos traballos que fagan fóra dos órganos colexiados. Pídelle que non veña aquí a botar porcallada aos demais, a dicir que esa moción a presentaron por oportunismo, iso é mentira, de oportunismo nada, naquela xunta de voceiros el xa dixo que a moción estaba presentada no rexistro antes da xunta de voceiros, como así consta en acta que o dixo o Sr. Carballeda, voceiro do BNG.

Continúa dicindo que como dixo don José Manuel Lemos, tampouco quere botarlle máis leña ao lume, o que hai é evidente, cada un presenta o que presenta, e cada un o expón da maneira que cre mellor, e pode facer asembleas veciñais, e pode andar pola rúa, detrás dos portais, criticando aos compañeiros, que tamén é lexítimo andar por detrás das columnas criticando aos compañeiros, aínda que, dende logo, EU iso non o fai.

Concedida a palabra a don Daniel Carballeda Rodríguez manifesta que el tamén puntualiza que é voceiro suplente, e que iso non lle fai menos concelleiro á hora de falar no pleno.

Reitera que dende o BNG están a prol da iniciativa da Asociación de Empresarios. Consideran que se lle podía ter dado forma doutra maneira, e de verdade fan un novo chamamento ao compañeiro de PdeC para que o pospoña, aínda que xa dixo que o seu voto vai ser favorable, e entenden que isto debe ir adiante.

Simplemente quere 30 segundos, é a súa última intervención no pleno de hoxe, e é unha cuestión que lle quedou pendente de hai dúas horas. En 'A Opinión da Coruña' o 16 de outubro do 2013 sae que a edil dona Marta M^a Vázquez Golpe sospeita da existencia de intereses políticos tras as protestas. Dille que efectivamente non nomeou aos grupos da oposición, quizais é que se refería a Convergència i Unió ou á UCD, non o sabe.

En contra do que sostén o concello, o colectivo de feirantes nega calquera interese político. Iso en 'A Opinión da Coruña' do 21 de outubro de 2013. Di que supón que a Sra. concelleira mañá acudirá a poñer unha denuncia contra ese xornal por mentir e por inventarse noticias.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Carballada que falan de intereses políticos, pero non se ten por que estar adscrito a ningún grupo para ter intereses políticos, ou pregunta se os sindicatos non fan política tamén.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que xa son as 22:00 ou 23:00 horas e xa é moi tarde para que intenten facelo parvo hoxe.

O Sr. alcalde dille que perdoe, que el non intenta facelo parvo, é o Sr. concelleiro o que está nunha moción e retoma unha cousa de hai dúas horas, cousa que el lle permitiu, o que non lle permite é que agora lle chame a atención, así que pide que faga o favor.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que simplemente se trata dunha aclaración ao fío da moción do PdeC, por unha alusión que fixo o Sr. García Patiño. Por un lado di que non coñece o que é un centro comercial aberto, pero non obstante afirma que a competencia a ten o concello.

Dille que un centro comercial aberto non é competencia municipal, é unha competencia das asociacións de empresarios, do propio comercio, simplemente quería aclarar iso.

Por outra parte, di que o Sr. Carballada non lle di onde pon que ela acusa á oposición de manipular aos feirantes, aínda non sabe onde di iso en 'A Opinión' ou en 'A Voz de Galicia', e pregúntalle se llo le.

Don Daniel Carballada Rodríguez expón que lle pediu que llo lera e vairo facer. Di no xornal que a edil Marta Vázquez Golpe sospeita da existencia de intereses políticos tras as protestas, por iso el lle pregunta de quen son os intereses, da CIA, de ETA, do partido comunista chino, pide que deixe de tomarlle o parvo, non llo consente, e di que se enfadan as comadres cando din as súas verdades.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao concelleiro do BNG que é a segunda vez que o chama á orde, e cre que isto non é un circo.

Explica que como foi o Sr. Baamonde quen presentou a moción, ten o peche se quere facelo, antes de votar a proposta.

Don José Antonio Baamonde López manifesta que só quere dicir que non vai retirar a proposta, o que si se compromete é a manter unha reunión con todos os grupos. Nestes días poñeranse en contacto con eles dende a directiva da Asociación de Empresarios, para informalos de todo o relativo ao que é o centro comercial aberto e os beneficios que vai traer para Cambre.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM. Votan en contra os dous concelleiros presentes de UxC, e abstéñense os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE.

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria por delegación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1320, do día 9 de setembro de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Avocar parte da competencia delegada en materia de contratación local a favor do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, mediante resolución n.º 999, do 17 de xuño de 2011, de delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local, no relativo aos contratos menores, definidos no artigo 138.3 “in fine” do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público como “os contratos de importe inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos”.

Segundo: Modificar a resolución n.º 999, do 17 de xuño de 2011, de delegación de atribucións da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local e, para tal efecto, delegar a contratación dos contratos menores definidos no artigo 138.3 “in fine” do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público a prol dos concelleiros delegados de área por razón da materia.

Terceiro: De conformidade co establecido no art. 50.2 do Regulamento orgánico municipal, a delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro delegado. Enténdese aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a delegación, todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación do *Boletín Oficial da Provincia*, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

As delegacións, unha vez aceptadas, entenderanse vixentes mentres non sexan revogadas expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto

na forma establecida pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nos documentos que deban firmar os concelleiros delegados no exercicio da delegación farase constar a data da Resolución de Alcaldía pola que se efectuou a delegación.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 51 do Regulamento orgánico municipal, a modificación levada a cabo e que afecta á Concellería delegada de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación segundo Resolución n.º 999, do 17 de xuño de 2011, será efectiva dende o momento da notificación persoal ao interesado, iso sen prexuízo da correspondente publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e comunicación ao Pleno.

Quinto: Notifíquese persoalmente aos interesados, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.

Sexto: Respecto da tramitación dos expedientes de contratos menores de contía superior a 5.000 euros, IVE incluído, rexeranse polas seguintes directrices a cumprir en cada caso:

A) O expediente iniciárase no departamento/servizo que propón o contrato e deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

- informe-proposta do responsable do servizo que acredite a necesidade, idoneidade e eficiencia do contrato menor (artigos 1 e 22 do TRLCSP), coa conformidade do concelleiro delegado
- no contrato de obras:
 - orzamento
 - proxecto, cando normas específicas así o requiran
 - informe de supervisión cando o proxecto sexa elaborado por un técnico alleo ao concello ou cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra
- nos demais contratos:
 - prego de prescrición técnicas que inclúa importe, prezo unitario da prestación, duración, criterios de puntuación, no seu caso
- documento de Intervención respecto da existencia de consignación orzamentaria (artigo 214 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais)
- obtención de polo menos tres ofertas de empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato. Co fin de axilizar a tramitación do expediente, as invitacións, asinadas polo concelleiro/a delegado/a, poderán ser cursadas mediante correo electrónico sen que sexa necesario que se rexistren de saída, non obstante, esixírase que quede constancia da recepción da invitación polo mesmo medio.

En canto ás ofertas, deberán presentarse en sobre pechado, o cal, unha vez

rexistrado de entrada, será remitido á área que iniciou o expediente.

- informe-proposta de adxudicación do responsable do servizo, ao que se achegará a seguinte documentación relativa ao adxudicatario proposto:
 - Copia da escritura de constitución da empresa, onde conste o obxecto social e inscrición no Rexistro Mercantil cando este requisito fose esixible consonte á lexislación que lle sexa aplicable (ou, no caso de licitador persoa física, copia do DNI), agás no suposto de que xa obrara o dito documento no concello.
 - Declaración expresa de que a empresa/licitador non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no art. 60 do TRLCSP.
 - Certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social, ou ben modelo de autorización para información de carácter tributario e coa seguridade social.
 - Certificado, solicitado na Deputación Provincial da Coruña, de non ter débedas de natureza tributaria co Concello de Cambre).

B) O expediente así formado remitirase ao departamento de Contratación, e será completado cos seguintes documentos:

- informe da responsable de contratación respecto da comprobación da capacidade de obrar e da habilitación profesional do adxudicatario proposto, e que o expediente cumpre coa cualificación e normativa do contrato menor
- resolución do concelleiro delegado de aprobación do proxecto ou memoria que conteña o orzamento, aprobación do gasto, acordar a contratación como contrato menor en virtude da normativa aplicable, adxudicación e designación do responsable do contrato
- notificación ao adxudicatario e demais empresas que ofertaron
- factura

Sétimo: Para os contratos menores de contía inferior a 5.000 euros IVE incluído, non será preciso tramitar expediente, sendo suficiente a sinatura do correspondente “vale de compra”, segundo se establece nas bases de execución do orzamento municipal.”

A Sra. secretaria por delegación informa que constan no expediente as notificacións efectuadas aos concelleiros delegados, así como as súas aceptacións.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1435, do día 30 de setembro de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Aprobar os marcos orzamentarios do Concello de Cambre para os exercicios 2013-2016, consonte cos datos que figuran no anexo desta resolución.

Segundo: Ordenar á Intervención municipal a remisión da información relativa aos marcos orzamentarios a través da plataforma da Oficina virtual de coordinación financeira coas entidades locais, con data límite 1 de outubro de 2013 ás 18:00 horas.

Terceiro: Dar conta ao Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1438, do día 1 de outubro de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Aprobar o Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Cambre suscrito por unanimidade dos integrantes da Comisión Negociadora o 9 de xullo do ano que andamos.

Segundo: Remitir o dito convenio colectivo á autoridade laboral competente aos efectos do seu rexistro e publicación, de conformidade co artigo 90 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1536, do día 21 de outubro de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Felipe Andreu Barallobre dende o día 21 de outubro ao 4 de novembro de 2013, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 14594 o día 26 de outubro de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º En días pasados teñen comezado as obras de execución das sendas peonís entre Lema e Cella. Sendo esta unha obra de gran necesidade que tiñan solicitado os veciños e asociacións da parroquia de Brexo Lema, sorpréndenos que non se execute, ao mesmo tempo, outra demanda veciñal da zona, intimamente ligada coa obra anteriormente sinalada: a glorieta no cruceiro de Lema, destinada a regular o tráfico no cruzamento das estradas en dirección a Sta. Mª de Vigo e Bribes. Esta obra tiña sido demandada, xunto coas mencionadas sendas peonís, á Deputación Provincial.

Por todo iso, solicitamos se reclame da Deputación Provincial, entidade titular da estrada CP-1704, a execución da mencionada glorieta, tan necesaria para dotar de seguridade viaria á zona.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que neste caso as actuacións previstas por parte de Deputación para este ano foron a senda da Patiña a Lema, que se está executando, igual que a de Santa María de Vigo. O tema das rotondas tamén se comentou e posiblemente, a ver se o conseguen, o ano que vén poidan facerse tanto a rotonda de Brexo-Lema como a de Fraís na intersección da variante da estrada de Espírito Santo coa da Xunta.

Di que están intentando conseguilo tamén.

2º Denuncian veciños de Cecebre o problema de seguridade viaria que se produce no camiño que transcorre por detrás da Sociedade La Juventud de Cecebre, como consecuencia de que, sobre todo en horarios de tarde-noite, determinados condutores utilizan a mencionada pista para realizar carreiras, de xeito totalmente temerario, poñendo en perigo a integridade física das persoas, moitas delas maiores, que o utilizan para pasear.

Por todo iso, solicitamos se dote á citada vía de bandas redutoras da velocidade, que garantan a seguridade dos peóns e obriguen aos vehículos a circular a unha velocidade moderada.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

3º Denuncian veciños de Bribes o mal estado no que se atopa o firme existente diante do cemiterio parroquial. A causa é a utilización indebida dese espazo para depósito, manipulación e carga de madeira.

Por todo iso, solicitamos se vale este espazo, utilizado para aparcamento do cemiterio.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que preguntou hoxe pola mañá por este tema, pero non lle deron contestado se ese terreo é público, do concello, ou é da igrexa. Se é do concello terán que valalo eles mesmos, mirarán de facelo, pero non llo deron comprobado os técnicos.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 14590 o día 26 de outubro de 2013.

1º Veciños de Cambre trasládannos a súa preocupación respecto do perigo que supón a incorporación dos vehículos dende a rúa Alejandro Pascual que vindo de Socampo se incorporan a Pumar Méndez debido a que deben invadir o carril para poder ver os vehículos que veñen pola esquerda. Por outra parte nesta mesma rúa o sinal de dirección prohibida está excesivamente alto e coas árbores non se ve.

Solicitamos se solucionen estes problemas de forma urxente.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que non sabe se quedou resolto hoxe, non puido esta tarde ir a velo, pero a brigada ía intentar facelo a última hora da mañá, pintar as esquinas das beirarrúas, que están en ladrillo sen pintar, e poñer un sinal de prohibido o xiro á dereita para arriba.

Di que se non quedou resolto hoxe, que non puido ir velo, quedará para a semana.

2º Na xunta de goberno, a concelleira de Urbanismo comenta que xa falou con todos os propietarios dos terreos no centro de Cambre, para a cesión dos devanditos terreos para facer un aparcadoiro.

Solicitamos saber que é o que piden que se inclúa no acordo.

Por outra parte queremos saber se tiveron en conta desenvolver a unidade de execución por parte do goberno municipal.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que nestes momentos os técnicos municipais están valorando as peticións que fixeron estes propietarios. Ela, no momento en que lle pasen o informe sobre a súa viabilidade, farallo chegar, ou quedará co Sr. García Patiño para comentarlle as peticións que lle fixeron e cales, dende o punto de vista dos técnicos, se poderían meter no acordo, e cales non.

Con respecto a se teñen valorado desenvolver a unidade de execución, a resposta é que non o valoraron.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o rogo é simplemente porque no seu informe dise que lle remitiron o expediente que elaborou o preacordo, e parece ser que non hai ningún problema. Por iso preguntaba el, porque se non había ningún problema que era o que pasaba.

3º No pleno do 5 de setembro aprobouse por unanimidade unha moción de UxC na que literalmente se propoñían os seguintes acordos:

a. Que se remita ao Consello de Contas de Galicia, na súa función fiscalizadora prevista na Lei 6/1985, do 24 de xuño, e a Fiscalía, polas connotacións que a xestión ten sobre fondos públicos, o convenio, e a súa xestión, do 'Brincadeira Rock in Cambre Festival' realizado no ano 2012. Trasladándolles o expediente completo a data de presentación desta moción. Para o seu exame e avaliación.

b. Que se acompañe ao expediente o contido desta moción.

c. Que se entregue aos grupos da oposición copia dilixencia da documentación remitida ao Consello de Contas e á Fiscalía.

d. Dar un prazo dun mes para o seu traslado ao Consello de Contas e á Fiscalía.

e. Manter informados aos grupos da oposición de todos os procesos que leva consigo este expediente.

Pasado máis dun mes dende a moción solicitamos se nos informe se se remitiu o expediente ao Consello de Contas de Galicia e á Fiscalía e, de ser así, por que a día de hoxe non se nos pasou a documentación.

O Sr. alcalde dille ao Sr. García Patiño que efectivamente ten toda a razón. Di que non sabe por que non se remitiu nin ao Consello de Contas de Galicia, nin a Fiscalía, pero xa lle deu orde onte á secretaria para que nesta semana que vén sexa remitido todo o expediente completo, porque supón que estarían ou con exceso de traballo, ou preparando o expediente para mandalo, pero na vindeira semana iso quedará

solucionado e terá o escrito de remisión aos dous organismos.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que pediron explicitamente o escrito, pero pediron tamén copia da documentación que se mande, para todos os grupos.

O Sr. alcalde contesta que naturalmente.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 14586 o día 26 de outubro de 2013, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º As instalacións de Correos en Cambre foron trasladadas de lugar, dispoñendo o concello do espazo para a súa utilización.

O Concello de Cambre como titular do inmovible onde se viñan prestando os servizos ten o deber de articular os mecanismos necesarios que permitan a repercusión destas instalacións para o municipio e os seus veciños/as, por isto pregamos nos informen que uso ten na actualidade ou se existe algún proxecto para reutilizar e aproveitar o antigo local para fins sociais en beneficio da comunidade.

O Sr. alcalde explica que hoxe non está presente o concelleiro don Felipe Andreu Barallobre, que é quen leva patrimonio, por iso non lle pode contestar e, ou ben lle contestan por escrito, ou ben o deixan para o vindeiro pleno.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, contesta que o tratarán no vindeiro pleno.

2º A oficialización da toponimia dos lugares e rúas do concello ten sido motivo de controversia e discrepancias entre os veciños/as e na propia Corporación. A toponimia trata de oficializar os nomes con que a xente se sinta cómoda e se recoñeza neles, sobre todo evitar crispacións, procedendo co maior acordo e consenso posible.

O noso grupo ten comprobado como se cambian nomes de lugares ou rúas que para nada semellan a súa orixe ou denominación existente a través de moitos anos, creando confusións e non poucos problemas á veciñanza.

Resulta preciso subliñar a importancia que ten a recuperación das denominacións, como garante dunha parte fundamental da nosa historia e do seu coñecemento no futuro.

Por isto pregamos que ante a ausencia dunha ordenanza para tal efecto, calquera cambio ou rotulación que se produza dentro do noso termo municipal, se realice tendo en conta os seguintes criterios:

1. A toponimia tradicional, que é un patrimonio cultural local
2. O sentir común dos residentes tradicionais
3. A funcionalidade e claridade das denominacións

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que están de acordo co rogo, de feito van intentar no POS 2014 incluír unha partida precisamente para sinalizar varios rueiros que están por aí e que están sen sinalizar para nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, expón que á parte de sinalizar el cre que tamén hai que “desinalizar”, porque hai algúns rueiros e algunhas rúas en Cambre que están mal sinalizadas e que están creando unha confusión importante nas persoas, incluso graves prexuízos, porque hai algunhas persoas, algúns establecementos, que teñen unha denominación dun lugar que non se corresponde para nada coa realidade.

Di que lles vai poñer un exemplo claro e concreto. Hai unha rúa en Cambre, que non sabe de onde sacaron o nome, porque non existe en ningún sitio, a rúa O Xisto. Di que xa lle dirán de onde sacaron ese nome, porque hai moitos enderezos que veñen con ese nome. Pregunta onde está. Di que poden ver a placa, pero non sabe quen a puxo.

En todo caso, se eles non a puxeron, dilles que son os que están gobernando e son os que teñen a posibilidade de sacar a placa e poñer a que lle corresponde a ese lugar, que é o lugar que está na toponimia do concello, tamén está na Xunta de Galicia e está na Comisión Provincial da Coruña, é máis, no ano 2004 ou 2005 fíxose un estudo de toponimia neste concello, e o que poñía era rúa O Sixto, o que non sabe é como pon na placa rúa O Xisto, iso está creando moitas confusións, para poñerlle un exemplo o restaurante O Cenador ten no seu membrete rúa Xisto, e iso é algo que está rodando por todo o mundo, unha denominación que non se corresponde.

A el parécelle que alguén neste concello debería, polo menos, saber o nome das rúas de Cambre, por iso pide encarecidamente que se retire esa placa e que se poña a placa que corresponde.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el non sabía que estaba posta esa placa con ese nome, non lle coincidiu de vela ou non se fixou, pero se hai un tema así que calquera deles vexa, el cre que poden avisar, que se cambia sen ningún problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás dille que cando se pon unha placa hai que poñela cuns criterios e terá que haber un informe de alguén que encargue a placa e ver que nome se pon, ou pregunta se é que se vai poñer unha placa así polas boas en Cambre. Debe haber uns criterios.

Don Manuel Marante Gómez di que el non sabe o tempo que leva posta esa placa, el non a mandou poñer. Haberá que ver quen a puxo, porque loxicamente e que se equivocou. Haberá que resolvelo e xa está, non ten outro problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que precisamente o que el pide é que ante a carencia dunha ordenanza que regule isto, porque ao mellor é precisa e necesaria unha ordenanza, que se saque a placa e que se sigan uns mínimos criterios, que son os que pon o rogo e cos cales o Sr. Marante está de acordo.

Conclúe dicindo que é coincidencia que sexan catro veciños ou el os que se fixen na placa.

3º Os concellos teñen competencias sobre a ordenación e control do tráfico rodado nas vías urbanas, sendo os responsables de instalar sinais e marcas vias axeitadas nas mellores condicións de seguridade para a circulación e o seu control.

Tendo en conta a negativa do responsable de servizos en instalar un espello de seguridade no soporte dunha estrutura existente no vial da Estorrentada, co fin de facilitar a circulación nas mellores condicións.

O grupo de Esquerda Unida prega ao goberno solicite a elaboración dun informe por parte dos servizos técnicos e policía local, sobre a necesidade ou non, de repoñer o dito espello.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, expón que xa ten os informes e que llelos facilitará.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 14644 o día 28 de outubro de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Rogamos informen da situación do camiño público no Espírito Santo obxecto de debate en recentes sesións plenarias.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, informa que se lle requiriu ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que é a administración competente, que lles informe sobre o terreo que os veciños están sinalando como un terreo baldío, se pode ter tal condición de baldío, porque se é así sería de titularidade estatal e son eles os que deben tomar as medidas pertinentes e necesarias para recuperar o terreo.

2º Rogamos dean conta do estado do proxecto de ampliación da ponte que une O Temple co Burgo.

O Sr. alcalde contesta que este proxecto estase a elaborar, porque o proxecto inicial cambiouse ao aumentar máis ámbito. Fanse unhas modificacións que chegan ata a igrexa de Santiago do Burgo e tamén algo en Cambre, co cal o proxecto aumenta.

Todos saben que a empresa que foi adxudicataria do proxecto non puido executalo, porque presentou concurso de acredores, houbo que rescindir o contrato e volver a licitalo. Aproveitando ese receso o que se fixo foi aumentar o ámbito a petición tanto do alcalde de Cambre como o de Culleredo, co fin de solucionar un problema que había na rotonda que hai ao final da ponte do Burgo indo en dirección á Coruña.

A Xunta acolleuno, aumentou o orzamento do proxecto e supón que o sacarán a licitación antes de fin de ano, para facer a obra.

3º Rogamos detallen as xestións realizadas nos últimos meses diante do brutal recorte de servizos ferroviarios que vén de sufrir o noso concello.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten delegada a competencia relativa á mobilidade e redes de transportes, expón que como primeira medida, e de maneira oficial, tendo en conta o voto favorable de todos os grupos que compoñen a Corporación, deron traslado dos acordos da moción presentada no seu día polo BNG. Como parte oficiosa, como non podía ser doutra maneira, por parte do goberno e del mesmo, reclamaron a quen ostenta esas competencias o aumento das frecuencias dos trens.

4.3. Preguntas

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 14594 o día 26 de outubro de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª A comezo deste curso os centros de educación infantil do noso concello teñen sufrido un recorte máis na calidade do ensino que se imparte. En concreto a Consellería de Educación da Xunta de Galicia ten reducido aos nenos e nenas o número de horas de ensinanza de inglés, de tres a semana a unha. Nin que dicir ten o importante que resulta a estas idades o achegamento ás linguas estranxeiras, polo que non ten sentido ningún a medida adoptada polo goberno autonómico.

Por todo iso este grupo pregunta:

Ten pensado o goberno local adoptar algunha medida (reclamación á Xunta de incremento de horas de impartición de inglés, complementar as clases con cargo aos orzamentos locais, etc.) para paliar as carencias formativas que denunciámos?

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que no departamento de Educación non se ten recibido ningunha queixa, e se non recibe queixas ela non as pode trasladar. De todas maneiras cre que é un tema curricular no que o concello non debe intervir máis da conta, só solicitalo cando llelo soliciten, non cabe dúbida.

Expón que dende o concello teñen programas de reforzo en inglés para nenos dende cinco anos ao bacharelato a través da axenda educativa, e un programa intensivo os sábados pola mañá. Ademais, por primeira vez en Cambre, nos campamentos urbanos de verán púxose un módulo en inglés, é o que teñen feito dende o concello para incentivar o inglés.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, di que evidentemente a pregunta que fixeron leva implícita esa reclamación, fanse eco dunha esixencia que determinados pais de alumnos lles están expoñendo, que é que por cuestións de itinerancia respecto do docente que imparte esa clase, as clases téñense reducido de tres a unha á semana. O que piden é que se reclame da Xunta que se restituía ese horario, e se non, o goberno o ten moi fácil, que imparta, ademais de todo o que dixo a Sra. concelleira, clases de reforzo escolar, como fan outros concellos da comarca.

Reitera que a pregunta leva implícita a reclamación, están a facerse eco dunha reclamación de pais de alumnos deses centros de ensinanza.

Dona M^a Jesús González Roel sinala que entón, como lle dixo, farase a reclamación no seu debido momento, cando realmente teña os datos fidedignos de que as cousas son así. Ela a día de hoxe non ten recibido nin unha soa queixa no departamento de Educación. Se hai esa queixa e é real, ela fará a reclamación.

Don Jesús Bao Bouzas di que el o que lle transmite é unha evidencia.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que el está aquí de árbitro, os señores concelleiros fan unha pregunta e respóndese á pregunta, despois el déixalles que reformulen a pregunta e volven a contestarlles. Dille ao concelleiro socialista que por que non presentaron un rogo e así debaten o que faga falta. El non cambia as regras do xogo, as regras do xogo as poñen os señores concelleiros. A pregunta foi formulada e ten sido contestada, deixoulle que volvera intervir, pero dille que non lle pida que volva deixalo por terceira ou cuarta vez.

2^a Denuncian pais do colexio Wenceslao Fernández Flórez de Cambre que os rapaces que, tendo horario lectivo ata as 14:30, e voluntariamente non optan ao servizo de comedor, non dispoñen de servizo de autobús para devolvelos ás súas casas. Deste xeito, obrigatoriamente, deben quedarse a comer ou ben esperar sen comer ata as 15:30, hora na que unicamente poden acceder ao transporte escolar. Esta situación resulta unha verdadeira coacción aos pais, que non podendo achegarse a recoller aos seus fillos ao centro ás 14:30, vense obrigados a aboar o servizo de comedor escolar a razón de 4,50€ por neno e día, 103,50€ este mes.

Por todo isto, este grupo pregunta:

Tense reclamado por parte do goberno local á Consellería de Educación un servizo de transporte escolar, ás 14:30, para os nenos que non desexen recibir a prestación de comedor escolar?

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que esta reclamación xa foi feita a través do consello escolar, onde teñen unha representante municipal, e si que foi transmitida á Consellería de Educación. A día de hoxe non contestaron, pero esta reclamación si que xa se ten feito a través do consello escolar.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, pídelo á Sra. concelleira que lles faga chegar a resolución cando a reciba.

3^a No diario A Opinión anunciábase o día 16 de outubro pasado a actuación organizada pola Concellería de Cultura dun mago para o día 19 do mesmo mes. Solicitadas entradas o mesmo día para o evento, comunicouse que estaban esgotadas dende había dúas semanas.

Por todo iso este grupo pregunta:

Como é posible que a Concellería de Cultura anuncie entradas para un evento cando estas se atopan esgotadas con bastantes días de anticipación? Que criterios se utilizaron para repartir as invitacións?

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que o concello non mandou a nota de prensa a A Opinión, supón que o xornal o terá recollido da páxina web municipal, porque non tivo que ver con eles a publicación desa nota ese día.

Don Augusto Rey Moreno di que tamén estaba anunciado nos paneis informativos.

Don Santiago Manuel Ríos Rama di que iso si que tiña algo que ver, pero que aínda non rematara de contestar. Explica que as entradas se repartiron seguindo os circuitos habituais cando reparten invitacións, é dicir, para O Moucho e todo iso repártese nas bibliotecas e, a partir de aí, os rapaces recollen as invitacións.

Segundo prescricións técnicas do mago e o aforo do local onde se ía celebrar a sesión, non podía haber máis de 50 persoas presentes, ese foi o motivo de que houbera tan poucas entradas. El sabe que houbo máis demanda que prazas, e as entradas esgotáronse enseguida porque a función tivo realmente éxito.

Di que quizais de aquí ao Nadal se repita outra función con este artista, nun aforo un pouco máis grande, para que poida asistir máis xente. En todo caso, o día da función, xente que non levaba invitación puido entrar, porque pais que deixaron aos rapaces saíron, e como quedou sitio libre entón entraron outros, pero foi algo circunstancial.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 14589 o día 26 de outubro de 2013.

1ª Despois de varios meses dende que os propietarios cederan os terreos ao concello para facer unha beirarrúa en Amil, preguntamos:

Cando teñen pensado facer a beirarrúa?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que se é posible, coa brigada da cal lles falou nas comisións informativas do martes, verán se as poden facer a vindeira semana, se non, non lle queda máis remedio que agardar ao orzamento do ano que vén para poder contratalo cunha empresa, porque as partidas deste ano as ten esgotadas.

É algo que estaba previsto facer dende hai tempo, pero o ano pasado non foi posible facelo coa brigada que veu, e el agarda poder facelo con esta nova brigada, aínda que xa ten bastante traballo coas beirarrúas, noutro caso, como xa dixo, haberá que deixalo para os orzamentos do vindeiro ano e contratar a unha empresa.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, manifesta que polo ben de todos agarda que sexa para a vindeira semana.

Don Manuel Marante Gómez aclara que non é que se vaia facer a semana que vén, que é a brigada á que agarda que chegue para a vindeira semana.

2ª A estrada que vai dende Penouviña ás Pereiras está moi danada polas raíces das árbores.

Que ten pensado facer o goberno municipal?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que se abriu un expediente para ver se resolven este problema. A súa idea era cortar as raíces e eliminalas, pero os técnicos municipais dixéronlle que era mellor abrir un expediente, porque podería caer unha árbore.

3ª Fixeron algún seguimento das rozas? pois para o caso a día de hoxe na maioría dos lugares parece que non se fixo.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que houbo bastantes problemas coa empresa adxudicataria deste ano, de feito tiveron que abriulle un expediente sancionador, porque nin cumpriu prazos, nin nada. Á parte diso o traballo deixárono con moitas deficiencias en moitas zonas, dependendo seguramente de quen fora o tractorista que lle coincidía, porque tiñan varios tractores, e houbo zonas nas que tiveron que volver a pasar.

Conclúe que intentaron resolver o mellor posible a situación, pero tiveron bastantes problemas coa empresa adxudicataria este ano.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 14586 o día 26 de outubro de 2013, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª O noso grupo municipal ao longo da lexislatura ten presentado distintas iniciativas para contribuír a paliar as consecuencias negativas que están a sufrir os cambreses/as, derivadas da eiva social do desemprego. Tendo en conta a situación de desamparo e os dramas sociais existentes dos que non está exenta unha boa parte dos veciños/as de Cambre, onde na actualidade existen 2185 persoas en situación de desemprego, no pleno do mes de setembro do 2012 o noso grupo facía un rogo, solicitando un informe sobre a legalidade de incluír no proceso de adxudicación das obras financiadas con recursos públicos unha condición (como mellora) que favoreza a contratación dos desempregados/as empadroados na nosa localidade, co propósito de favorecer, na medida do posible, a súa contratación, establecendo nos pregos de prescricións técnicas a dita condición, ben como requisito ou como mérito avaliable preferentemente.

Transcorrido máis dun ano, pode informarnos o Sr. alcalde como sobre está a cuestión?

O Sr. alcalde contesta que claro que pode informar. Di que a verdade é que el desexaría facer iso, como non, o seu desexo é facelo, pero a lei impídelle. Dille á Sra.

concelleira de EU que non ten máis que ir ao Informe 12/2011, do 28 de outubro, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, que nas súas conclusións establece que: “Polo exposto a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa entende que: 1. Non é admisible, de conformidade co artigo 134.1 da Lei de contratos do sector público, o establecemento nos pregos de cláusulas administrativas particulares de criterios de adxudicación que valoren a porcentaxe de man de obra desempregada que se contratará para a execución do contrato.”

Que máis quixera el que poder poñer iso nos pregos dos contratos, pero non é posible, porque entón non farían un. El, dende logo, se ten unha empresa e sabe que o concello pon unha cláusula con esa mellora, inmediatamente a vai impugnar.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, pregunta entón polo informe no que estaba traballando a Sra. secretaria hai un ano.

O Sr. alcalde di que se resume no dito pola Xunta Consultiva, é algo que a Sra. concelleira ten a súa disposición no *Boletín Oficial do Estado* e no artigo 134.1 da lei.

Dona M^a Olga Santos López di que non a está entendendo, que igual se está explicando mal. Di que hai un ano o Sr. Andreu díxolles que estaba de acordo co rogo de EU, e que lle constaba que a Sra. secretaria estaba traballando no informe que eles pedían. Di que eles pediron ese informe.

O Sr. alcalde contesta que el só se acorda da conclusión, pero que se quere mañá llelo pasa, que non ten problema.

Dona M^a Olga Santos López sinala que non, que iso é de acceso público e non ten necesidade.

O Sr. alcalde dille que non entende que haxa que facer outro informe cando isto está na propia lei. Cre que ou son ganas de facerlle traballar en balde á secretaria, ou non o entende.

Dona M^a Olga Santos López di que iso serán eles, que era o Sr. Andreu o que dicía que a Sra. secretaria estaba elaborando un informe, e que ao mellor habería que consultarlle e despois informarlles.

O Sr. alcalde di que se poñerán de acordo.

2^a Un informe económico financeiro realizado por técnicos do concello no ano 2008, poñía de manifesto os problemas derivados sobre a subministración e xestión da auga en Cambre, onde existía un déficit económico de aproximadamente 300000 euros por ano, resultando que no concello estábanse perdendo 400000 metros cúbicos de auga que o concello non cobra, pero si ten que aboar a Emalcsa co diñeiro dos contribuíntes de Cambre, motivado en posibles fugas ou fraudes.

Por isto, o grupo de EU pregunta sobre a situación actual respecto do problema da auga no concello.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que dende o ano 2010 véñense facendo unha cantidade importante de substitucións de canalizacións de tubos de abastecemento de auga por problemas de fugas que se foron detectando e estanse aínda cambiando.

Di que a través do FEIL substituíronse varios, a través dos POS de Deputación tamén se están substituíndo, e agora mesmo están practicamente substituídas todos os tubos de fibrocemento, queda un treito entre Frais e A Mota que non está dando problemas, que eles saiban, e estes días cambiarán un na zona da Volta das Carrozas, porque parece un coador.

Cre que se foron resolvendo, na maioría dos casos, bastantes problemas de fugas. Hai algúns problemas que están localizados, como é nos depósitos da Castellana e no depósito antigo de Lema, que saben que perden auga, seguramente pola base. Iso sábeno, están controlando a ver que cantidades son as que perden para tratar de buscar unha solución, aí si que poden actuar.

Os que non saben se perden son os da Mota e o da Pena, porque teñen un só vaso e non poden baleiralos, nin pechar a subministración da auga porque deixarían aos veciños sen servizo durante un tempo para poder verificar que perden.

En todo caso, pensa que se mellorou bastante, de feito a idea que ten é a principios do ano que vén, unha vez que fagan todas as obras que agora se están facendo co POS, intentar facer un novo cálculo, unha valoración e unha estimación, a ver que melloraron no tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a el parécelle importantísimo saber se seguen perdendo 400000 m³ de auga como se estaban perdendo, ou se son 50000 ou 200000, pero o que non poden os cidadáns de Cambre é estar pagando unha auga que non se consume, iso é o que non se pode facer.

Di que son unhas cifras que lle parecen unha barbaridade, 400000 m³ de auga e 300000 euros que ten que aboar Cambre a Emalcsa por unha auga que non pasa polos contadores.

Cre que se necesita preparar un informe e facer unhas valoracións, porque urxe atallalo, antes de que o problema vaia a maiores.

3ª Sendo o concello o encargado de regular e ordenar os usos das vías públicas urbanas, facendo compatible e funcional a distribución dos aparcamentos entre os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado, adoptando medidas para evitar lesións ás persoas e danos ás propiedades, o noso grupo ten solicitado un estudo/informe sobre a sinalización horizontal e organización do aparcamento na rúa González Garcés, na confluencia coa rúa Sixto.

Transcorrido máis dun ano, poden informarnos da situación respecto do tema formulado?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que disto tamén ten un informe que despois lle entregará.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 14644 o día 28 de outubro de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Resulta posible realizar vodas en Vila Concepción?

O Sr. alcalde contesta que cando o local estea habilitado para iso, si. O prazo teñen que decidilo, porque é un local municipal e teñen que ver que non haxa nada, que o concelleiro que teña que casar estea disposto a facelo, e tamén ver se hai persoal para estar alí, porque se necesita un conserxe permanentemente.

Di que hai que habilitar os locais. Ata agora só está habilitado o concello, nun futuro habilitarase Vila Concepción.

2ª Ten pensado o goberno municipal sumarse á iniciativa de sufragar o copago sanitario de medicamentos para pacientes hospitalizados?

Dona Mª Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que a día de hoxe o que ela pode dicir é que os veciños de Cambre que nestes momentos teñan que pagar algún medicamento cunha renda que estea dentro do previsto na ordenanza municipal, teñen cubertos eses gastos. Iso a día de hoxe, o que pode pasar a partir de aquí, despois de aprobar as ordenanzas, xa se verá. A día de hoxe, calquera persoa de Cambre que cumpra os requisitos da ordenanza de servizos sociais xa ten os medicamentos pagados.

3ª Que valoracións fai o equipo de goberno do proxecto de orzamentos da Xunta para o ano 2014 no que ten que ver con Cambre?

O Sr. alcalde contesta que a valoración que fai, sen telos analizado a conciencia, en principio é positiva. De todas maneiras, di que a contestación que lle debería dar é que non os ten analizado aínda con profundidade, porque hai que esmiuzar todos os orzamentos e o que lle corresponde a Cambre.

En grandes números, en principio está satisfeito, porque recollen bastante investimentos en Cambre.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e trinta minutos, do que eu, secretaria por delegación, certifico.

O presidente

A secretaria
P.D.

Manuel Rivas Caridad

Verónica Mª Otero López